



CEIP de Petelos

Memoria do curso escolar

2021-2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. INFORME DE DIRECCIÓN	2
Personal do centro	2
Servizos do centro	3
Proxectos do centro	3
Documentación do centro.....	4
Instalacións, equipamento, obras e arranxos	5
Organización dos equipos, departamento e órganos de coordinación.....	6
2. EDUCACIÓN INFANTIL.....	9
3. 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	11
4. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	17
5. 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	24
6. 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	27
7. 5º CURSO DE PRIMARIA.....	31
8. 6º CURSO DE PRIMARIA.....	33
9. ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.....	35
10. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	38
11. ED. ARTÍSTICA: MÚSICA	40
12. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	45
13. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	48
14. EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE.....	51
15. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	54
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	59
AUDICIÓN E LINGUAXE	61
ARCO.....	64
16. BIBLIOTECA	64
17. RADIO ESCOLAR	73
18. ANPA.....	79

1. INTRODUCCIÓN. INFORME DE DIRECCIÓN

En cumprimento do disposto no Decreto 374 e na orde do 22 de xullo de 1997 polo que se regula o ROC o equipo directivo deste Centro, xunto co Claustro de Mestres, elaborou a presente memoria de curso 2021-22, na que se avalían os aspectos e contidos das propostas feitas na Programación Xeral Anual; os seus obxectivos, dificultades ou as medidas propostas en cada caso.

Destacamos neste apartado, e a modo de resumo, os aspectos máis importantes e notas máis relevantes acontecidas durante o curso:

Persoal do centro

O profesorado adscrito ó centro neste curso é de 20 mestres. Como mestres itinerantes están : a orientadora, unha mestra de relixión e a mestra de AL, que comparten a súa actividade docente con outros centros. Neste curso contamos cunha mestra de Ed. Primaria polo desdobre producido en 5º Ed. Primaria, no que contamos con 2 aulas.

- **Profesorado adscrito ó centro**

- 4 mestras de Ed. Infantil
- 6 mestres de Ed. Primaria
- 1 mestre de Linguas estranxeiras (inglés)
- 1 mestra de Linguas estranxeiras (francés)
- 1 mestra de Ed. Física
- 1 mestra de Ed. Musical
- 2 mestra de P.T.
- 1mestra de AL- Atención preferente
- 1 Orientadora
- 1 mestra de AL (Compartida)
- 1 mestra de Relixión Católica

- **Persoal Non Docente**

Neste curso contamos cunha coidadora asignada ó centro, para a atención de alumnado con NEAE, que non rematou o curso por non ser necesaria a súa presenza.

Servizos do centro

Comedor escolar

O servizo de comedor, xestionado conxuntamente entre a ANPA e o centro, funcionou de forma ininterrompida desde o primeiro ata o último día de clase en modalidade de cátering a través da empresa “Arelas” cun custo de 4.40 € por comensal e día. O número de comensais foi de 36 alumnos por día, por ser a capacidade máxima do comedor (Protocolo COVID).

Servizo: “Aula madrugada”

Esta actividade, organizada directamente pola ANPA do centro, desenvolveuse igual que o servizo de comedor escolar dende o primeiro ata o último día de clases presenciais. O servizo de “Aula Madrugada” permite a aquelas familias que, por incompatibilidade co seu horario laboral, non poden traer ós seus fillos á hora de comezo das clases; deixalos no centro ata 1 hora e media antes do inicio do horario escolar ó coidado do persoal que se encarga da atención e da realización de actividades con estes alumnos. Dicur que a afluencia de nenos é moi baixa a este servizo, pero practicamente tódolos días se precisou. Neste curso realizouse en colaboración co Concello de Mos.

Transporte escolar

Para a atención do alumnado de transporte escolar dende a chegada dos autobuses ata o comezo das clases e dende a saída dos alumnos ata a chegada do transporte, establecéronse quendas de garda de autobús entre o profesorado durante estes períodos de tempo. Esta atención queda cuberta con 3 profesores do centro de forma rotatoria durante todo o curso. O alumnado transportado accede directamente o interior do centro no momento da chegada dos autobuses, agardando en diferentes aulas en función da liña, seguindo o protocolo COVID establecido este curso.

Proxectos do centro

Proxecto de mellora de bibliotecas escolares

Coa intención de potenciar a utilización da biblioteca escolar e o fomento da lectura, o centro forma parte por segundo ano consecutivo do Plan de mellora de bibliotecas escolares convocado dende a Consellería. Aínda que a previsión era abrir no mes de outubro, a biblioteca permaneceu pechada para a súa reforma e catalogación dos libros. Procedeuse a reapertura no mes de xuño.

Plan Proxecta

Neste curso o centro volveu participar no plan proxecta dentro da modalidade de **Proxecto Deportivo de Centro (PDC)**, a través do XOGADE, coa intención de promover a actividade física e un estilo de vida saudable. Neste curso retomáronse as actividades habituais: Carreira de campo a través intercentros, Voleibol, bádminton, tenis de mesa.

Ademais tamén participamos no **Vexo Veo Xacobeo**, a través deste programa os nenos de Infantil, 1º e 2º, coñeceron o Camiño de Santiago. Tamén fixeron un pequeno tramo do camiño polo noso Concello.

E-DIXGAL: Púxose en marcha nas 2 aulas de 5º Ed. Primaria (ver memoria 5º Ed. Primaria)

Programa de fomento do reparto de Froita e leite fresca

Neste curso participamos na convocatoria do FOGGA aos centros educativos para o reparto de Froita fresca e leite durante 2 períodos ó longo do curso escolar. Cun resultado moi satisfactorio por parte do alumnado e o profesorado.

Documentación do centro

Durante o primeiro trimestre de curso o traballo centrouse na concreción dos protocolos referentes á situación sanitaria producida pola COVID-19. Neste curso elaborouse o “Plan Dixital” do centro, pendente de aprobación no mes de setembro e modificáronse parte das concrecións curriculares relativas á avaliación e promoción do alumnado pola actualización da normativa ao respecto (Orde do 25 de xaneiro pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Ed. Primaria, ESO e bachelato no sistema educativo de Galicia)

Administración e xestión económica de centro

Respecto da xestión económica, sinalar como en anos anteriores o importante gasto en conceptos como: gasoil para calefacción, mantemento e reparación de equipamentos informáticos, e material de papelería e oficina. Neste curso ademais fíxose unha gran inversión en material hixiénico, desinfectante, mascarillas (para os cales se recibiu unha partida específica).

Neste curso fíxose unha inversión importante na adquisición de material informático (renovación de ordenadores portátiles, actualización dos equipos da aula de informática)

- Resumo comparativo dos ingresos da Consellería en concepto de “Gastos de funcionamento de centro” nos últimos anos

- Ingresos no exercicio 2017: 15.240 €
- Ingresos no exercicio 2018: 15.219 €
- Ingresos no exercicio 2019: 15.247€
- Ingresos no exercicio 2020: 11.324 €
- Ingresos no exercicio 2021: 7.614 € (ademais de 5.085€ que se incluíron na conta Xestión Orzamento do 2020)
- Ingresos no exercicio 2022: 5.674 €
- Ingresos recibidos PLAMBE
 - Fondos: 2.000 €
- Ingresos Radio na Biblio: 2.000 €
- Ingresos Biblioteca Creativa: 1.000€
- Ingresos Club de lectura: 900 €
- Ingresos Plan Proxecta
 - PDC-Xogade: 700 €
 - Vexo, Veo Xacobeo: 1.530 €
- Ingresos E-Dixgal: 550€

Instalacións, equipamento, obras e arranxos

As obras de mantemento menores lévanse a cabo por parte do persoal de mantemento asignado ó centro. Das obras maiores e arranxos de importancia encárgase ben o Concello ou ben a Consellería de Educación.

Estamos pendentes da renovación da pista exterior por desnivelado do firme que deberá ser executada polo Concello de Mos. Para tal fin solicitouse unha subvención a Xunta de Galicia.

Neste momento está pendente tamén as obras de mellora da eficiencia enerxética do centro, co cambio das ventás do centro.

Organización dos equipos, departamento e órganos de coordinación

- O Claustro e o Consello Escolar desenvolveron o seu labor, reuníndose cada vez que foi preciso e cumprindo as súas funcións organizativas e pedagóxicas. O profesorado (equipos, coordinadores de ciclos...) levou a cabo as súas reunións e traballaron con regularidade como queda reflectido nas correspondentes memorias finais.
- O Equipo de Dinamización Lingüística, desenvolveu o seu labor de potenciación e dinamización da lingua galega.
- O Departamento de Orientación quedou constituído cunha orientadora compartida co CEIP Feliciano Barrera (Pontearreas), unha mestra de PT definitiva neste centro e unha mestra de AL compartida, 1 mestra de AL de Atención preferente ao alumnado con NEAE e unha mestra de PT provisional. O seu labor centrouse no diagnóstico, detección de necesidades e elaboración de programas de apoio e seguimento ó alumnado con dificultades e necesidades educativas, coordinando tamén as actividades de apoio e tutoría.
- Ó longo do curso, o Equipo de Actividades Complementarias programou e colaborou nas diferentes actividades nas datas con eventos especiais: Entroido, Nadal, Maíos, semana das Letras Galegas. Tamén dedicou parte do seu tempo ó labor de decoración interna do colexio, con murais axeitados á época do ano na que estabamos e á realización do proxecto “Descubri-Mos con Petela” , en colaboración co equipo de Biblioteca e do EDLG.
- Por mor da situación sanitaria neste curso apenas se realizaron actividades complementarias fóra do centro e foi no 3º trimestre coa melloría da situación sanitaria e a modificación dos protocolos COVID cando se realizaron a maior parte das actividades complementarias e extraescolares.

Incidentes relevantes e dificultades atopadas.

- A nivel de aula resaltar a presenza de 2 mestras especialistas a tempo completo nas aulas para a atención de 2 alumnos con NEAE. Grazas á presenza destas mestras especialistas, e a boa coordinación que se estableceu entre o profesorado, non se produciron ó longo do curso graves problemas de convivencia como en cursos anteriores.
- Os últimos días de curso xurdiu un conflito dentro da comunidade educativa por mor do Festival de fin de curso programado polo profesorado. Xa que a diferenza de anos anteriores (Antes do COVID) neste curso realizouse sen a presenza das familias.

Dende o Claustro decidimos volver facer festa para os nenos, pero sen a presenza das familias, para tratar de evitar aglomeracións tal como nos indicaba o protocolo; unha parte das familias do centro mostráronse en desacordo con esta decisión, dando a entender que dende o centro non se realizaban actividades e que o profesorado “estaba acomodado”.

Queremos destacar que neste curso mantivemos e aumentamos os proxectos educativos nos que participamos dende o centro para buscar a mellora educativa (PLAMBE, Radio na biblio, Biblioteca Creativa, Club de lectura, Biblioteca solidarias, E-DIXGAL, PROXECTA (con 2 modalidades), Proxecto de fomento do uso da lingua galega, ARCO). E de cara o curso 2022-2023 xa están solicitados novos proxectos (Polos creativos).

Axenda escolar 2021-2022

Exponse de seguido, a modo de cadro resumo, o calendario do curso no que se sinalan as datas máis significativas do calendario escolar

<i>1º Trimestre</i>	9 set: Inicio do curso escolar
	11 outubro: Día do ensino (non lectivo)
	12 outubro: Día da Hispanidade (non lectivo)
	6 dec: Día da Constitución (non lectivo)
	8 dec: Día da Inmaculada (non lectivo)
	22 dec - 7 xan: Vacacións de Nadal
<i>2º Trimestre</i>	28 feb., 1, 2 marzo: Vacacións de Entroido
	11-18 abril: Vacacións de Semana Santa
<i>3º Trimestre</i>	16 maio: Día libre disposición do centro (non lectivo)
	17 maio: Día das Letras Galegas (non lectivo)
	13 xuño: Día da Rosa (Festivo local)
	22 xuño: Remate das clases

2. EDUCACIÓN INFANTIL

As tres aulas de Educación Infantil tiveron neste curso un total de 47 alumnos/as, quedando repartido o alumnado do seguinte xeito:

- Aula de 3 anos: 14 nenos/as.
- Aula de 4 anos: 19 nenos/as.
- Aula de 5 anos: 14 nenos/as.

Na última semana do mes de xuño, celebrouse unha reunión coas familias dos nenos/as de novo ingreso para a aula de 3 anos coa titora. Nela explicouse e deuse información sobre o período de adaptación, horarios e grupos.

Nos primeiros días do mes de setembro celebrouse unha reunión coas familias dos nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos. Ademais, a clase de 3 anos tivo entrevistas individuais durante os días 9 e 10 de setembro, onde se trataron aspectos relativos á situación persoal de cada alumno/a.

O período de adaptación dos nenos de 4º de Infantil (3 anos) organizouse da seguinte maneira:

- Os días 13, 14, 15, 16, 17, 20 e 21 de setembro os nenos/as acudiron á aula de xeito gradual:
 - O luns 13 e martes 14 o *grupo A* acudiu en horario de 9:30h a 11:00h e o *grupo B* de 12:00h a 13:30h.
 - O mércores 15, xoves 16 e venres 17 os *grupos A* e *B* acudiron á aula de 9:15h a 12:45h.
 - O luns 20 e martes 21 os dous grupos acudiron de 9:15h a 13:15h.
 - A partir do mércores 22 todos os nenos/as permaneceron na aula durante toda a xornada escolar, de 9:15h a 14:10h.

Por outra banda, neste curso seguimos a traballar por proxectos, con materiais elaborados polas mestras. Tamén se empregaron cadernos de razoamento matemático, así como diversos recursos TIC.

En canto aos apoios recibidos por parte do Departamento de Orientación nesta etapa cómpre mencionar:

Na aula de 3 anos (4º E.I.) recibiron apoio da mestra de A.L 2 nenos/as e da mestra de P.T 2 alumnos/as, ambos fóra da aula.

Na aula de 4 anos (5º E.I.) recibiron apoio da mestra de A.L. 5 nenos/as e da mestra de P.T 2 alumnos/as, sendo estes dados tanto dentro como fóra da aula.

Polo que respecta a aula de 5 anos (6º E.I.) están escolarizados 4 alumnos/as NEAE. Do alumnado pertencente a este grupo-clase recibiron apoio da mestra de A.L 8 nenos/as e a mestra de P.T atendeu as necesidades de 4 alumnos/as. Todos estes apoios foron dados dentro e fóra da aula. Asemade, cómpre mencionar a presenza dunha coidadora na aula durante o primeiro e segundo trimestre do curso. Tamén resulta necesario recoller que dita aula (6º EI) estivo pechada durante unha semana do mes de Xaneiro por mor dunha elevada taxa de nenos/as positivos en Covid-19. Transcorrido o tempo de corentena a xornada escolar desenvolveuse do xeito habitual.

No que respecta á realización de actividades complementarias e extraescolares dicir que o alumnado de Educación Infantil participou de diversas propostas programadas dende os diferentes equipos de coordinación docente, tanto nas conmemoracións como nas celebracións máis sinaladas: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana das Letras Galegas, os Maíos...,etc. De xeito máis concreto os nenos/as de 4º, 5º e 6º de Infantil recibiron a visita de varios contacontos, da Policía Local, dos Bombeiros ou dun mago; acudiron a actuacións musicais, colaboraron no festival fin de curso que se desenvolveu no auditorio da localidade e participaron no percorrido dun tramo do Camiño de Santiago que discorre pola localidade de Mos (Proxecto Vexo, veo Xacobeo). Por último, tamén realizaron unha saída ao Parque Natural Monte Aloia, con visitas guiadas ao seu Centro de Interpretación e paseos pola súa Senda Botánica.

3. 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula do 1º curso de Educación Primaria estivo integrado por 14 alumnos/as. O equipo docente estivo formado polos seguintes compoñentes :

TITORA:	Iria Cuevas Rodríguez
ESPECIALITAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Diana Pérez Soto (Audición e Linguaxe) Raquel Domínguez Senlle (Música) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego (Relixión) Alicia Castro Cabaleiro (Lingua estranxeira)

OBXECTIVOS:

Valoración/avaliación:

O alumnado do 1º curso presenta unha gran heteroxeneidade en canto ao seu ritmo no proceso de aprendizaxe e ás súas necesidades de atención. Hai un grupo de alumnos que precisa de atención individualizada e apoio dentro da aula, xa que presenta grandes dificultades académicas, dificultade para manter a concentración e un marcado déficit de atención.

A pesar desta circunstancia a consecución dos obxectivos marcados para o primeiro nivel de Educación Primaria resultou en xeral positiva. Só hai dous alumnos que promocionan ao 2º curso con materias pendentes por non ter acadado os obxectivos mínimos esixidos.

Propostas de mellora:

- Continuar cos apoios individuais na aula así como por parte dos especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica nos casos do alumnado que o precisa para superar as súas dificultades e evolucionar no seu proceso de aprendizaxe.
- Contar coa colaboración das familias para que participen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

METODOLOXÍA:

Valoración/avaliación:

A metodoloxía empregada tivo un carácter flexible, xa que foise adaptando ás necesidades

educativas e persoais de cada alumno e alumna. Baseouse en actividades que resultaron motivadoras para o alumnado e promoveron a creatividade e o traballo cooperativo.

Empregáronse recursos visuais e auditivos así como materiais escritos adaptados ás necesidades e características do alumnado.

Propostas de mellora:

Continuar a liña de metodoloxía empregada baseada no fomento de aprendizaxes significativas e de carácter flexible para dar resposta ás necesidades de cada un dos alumnos/as tendo en conta as súas características persoais e de rendemento académico. Para que mellore levaranse a cabo máis actividades de carácter grupal e cooperativo entre o alumnado, o que ata o momento estivo moi limitado debido ao protocolo pola covid-19.

AVALIACIÓN:

Valoración/avaliar:

Cunha serie de probas de avaliación inicial comprobouse o nivel curricular presentado polos alumnos e alumnas do grupo adaptando os contidos e a metodoloxía á realidade académica destes. As estratexias seguidas foron diversas: probas individuais orais e escritas, observación directa, revisión de tarefas, realización de traballos... Á hora de avaliar aos alumnos e alumnas tivéronse en conta ademais das probas escritas e orais, aspectos como o traballo diario, participación na aula, actitude, motivación, a caligrafía, a presentación dos traballos ou o comportamento. Realizáronse a maiores actividades de reforzo e ampliación para os alumnos e alumnas que o precisaron. Avaliouse o grao de consecución das competencias nas diferentes áreas segundo os obxectivos a acadar.

Neste curso tres alumnos asistiron a varias sesións semanais de Audición e Linguaxe (foron todos dados de alta) e tamén a unha sesión diaria coa especialista de Pedagogía Terapéutica. Unha alumna tamén asistiu a varias sesións semanais de Audición e Linguaxe e tamén foi dada de alta.

Como titora presentei a solicitude de valoración ao departamento de Orientación de seis alumnos por distintas problemáticas (déficit de atención, altas capacidades, dificultades no proceso de aprendizaxe...).

Co fin de que as familias participasen activamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas e estivesen informados da súa evolución académica e persoal, leváronse a cabo titorías periódicas ao longo dos tres trimestres do curso. Por outra banda fíxoselles chegar o boletín de cualificacións ao finalizar cada trimestre. Asimesmo estiveron informados telefónicamente e a través da aplicación Abalar cando así foi preciso.

Promocionan ao 2º curso de Educación Primaria os catorce alumnos/as que integran o grupo.

Dous deles o fan con varias materias sen superar ante a imposibilidade legal de repetir curso en 1º de Educación Primaria.

Propostas de mellora:

Continuar cos apoios e reforzos educativos que se precisen para seguir dando resposta ás necesidades académicas e persoais do alumnado.

PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS E EXTRAESCOLARES

O grupo de 1º curso de Educación Primaria participou activamente nas distintas actividades propostas polos diferentes equipos de traballo do noso centro educativo, destacando as actividades englobadas dentro do proxecto de centro "Descubri-Mos con Petela".

As actividades celebradas foron:

- **O Magosto:** celebrouse un acto ao aire libre onde todo o alumnado do noso centro cantou unha canción adicada ao magosto. Despois degustaron as castañas asadas e finalmente fixéronse xogos populares. Os alumnos confeccionaron portacastañas coas súas familias.
- **Día da Violencia de Xénero (25 de novembro):** para dita ocasión os alumnos de 1º confeccionaron unha árbore sobre cartolina a modo de mural. Nela puxeron palabras positivas (amor, respecto, agarimo...) e negativas (dor, golpe, medo...) con respecto á violencia de xénero. A árbore foi colocada nesa data na porta da nosa clase. Reflexionamos sobre a problemática da violencia de xénero e percorremos as aulas restantes para observar as árbores que confeccionaron para a ocasión.
- **Samaín:** Celebrámolo decorando cabazas para colocar na exposición do cole así como inventando un conto de medo que quedou recollido nun libro que está exposto na biblioteca do noso centro. Ademais visitamos a exposición de libros de medo no recuncho de lectura.
- **Campionato de chapas e de bólas:** o alumnado de 1º participou en ámbalas dúas competicións. Os gañadores da aula recibiron un diploma e un agasallo nos actos de entrega de premios.
- **Actividade no multiusos das Pozas:** os nenos/as asistiron a un contacontos.

- **Actividades Nadal:** fixeron adornos con materiais reciclables para colocar na árbore de Nadal. Recibiron na aula a visita dos paxes dos Reis Magos e cantaron para os compañeiros doutras aulas a canción de aguinaldo "Xa me tardan estes magos" preparada pola mestra de música Raquel Domínguez. Na aula realizaron traballos plásticos relacionados coa temática do Nadal e escribiron a carta ao Reis Magos así como outra con desexos por cumprir que depositaron no Buzón dos Desexos.
- **Día da Paz 2022:** con motivo da celebración do Día da Paz os alumnos/as de 1º decoraron a pomba e símbolo da Paz para colocalos na Árbore da Paz. Tamén escribiron unha mensaxe de desexos de paz que se colocou no Mural da Paz. Participaron nunha videomontaxe coa canción de fondo "Onde reina a Paz". Todo elo organizado e realizado pola mestra de música Raquel Domínguez. A videomontaxe foi visualizada en tódalas aulas o venres 28 de xaneiro (data na que celebramos o Día da Paz no noso cole por coincidir o día 30 en domingo). Para esa ocasión o alumnado de 1º curso emitiu en directo un programa especial en Radio Petela adicado á Paz. Tras escoitar o programa de radio en tódalas aulas do noso cole, os nenos/as cantaron e bailaron o tema "Todos somos capitáns" de Magín Blanco. Ao longo da Semana da Paz 2022 os alumnos de 1º fixeron traballos plásticos na aula relacionados coa paz así como actividades de unidades didácticas e fichas relacionadas con dita celebración. Tamén foron á exposición do recuncho de lectura onde leron libros relacionados coa temática da paz.
- **Mochila viaxeira:** o alumnado de 1º participou nesta actividade proposta polo Equipo de Biblioteca. Levaron a mochila con libros para a súa casa por quendas e fixeron entre todos coa colaboración da súa familia un caderno con debuxos, fotos e textos que foi exposto na biblioteca ao final de curso.
- **Entroido:** para a celebración do Entroido leváronse a cabo unha serie de actividades ao longo da semana que concluíron cun desfile polos arredores do cole ante a presenza dos pais e nais. Durante a semana os alumnos/as viñeron disfrazados de temáticas propostas relacionadas co Camiño de Santiago (relixión, campesiños, personaxes da nobreza, oficios do rural, peregrinos...). No desfile os alumnos/as de 1º e 2º curso de Educación Primaria foron disfrazados de peregrinos como actividade dentro do proxecto "Vexo, veo Xacobeo". O Anpa agasalounos con orellas de Entroido para todos.

- **Día da Muller:** para a celebración desta data traballamos sobre a figura de Exeria, primeira peregrina galega en percorrer o mundo e recollelo por escrito no seu caderno de viaxe. Fixemos un mural sobre ela e falamos da súa valentía e da importancia da muller en xeral no mundo de cultura e da ciencia, facendo referencia á celebración do Día da Muller na Ciencia. Finalmente expuxemos o mural nun dos taboleiros do cole xunto cos traballos dos outros cursos. Tamén fomos ao recuncho de lectura onde leron libros sobre o papel da muller no mundo da ciencia e da cultura en xeral ao longo da historia así como libros en prol da igualdade.
- **Taller de xadrez:** nos meses de marzo e abril os alumnos de 1º participaron nun taller de xadrez que tivo lugar na nosa aula ao longo de cinco sesións. Resultou ser unha actividade moi motivadora para eles a través da cal traballamos sobre a importancia da capacidade de concentración para levar a cabo con éxito as distintas actividades.
- **Taller de panadaría:** o alumnado de 1º visitou unha panadaría próxima ao noso cole para aprender sobre o proceso de elaboración do pan. Ademais de recibir explicacións do panadeiro sobre o proceso, eles tamén participaron activamente na elaboración do seu propio boliño de pan que finalmente puideron levar para as súas casas.
- **Mes da Ciencia:** lectura de libros relacionados con dita temática e realización de experimentos que foron expostos na páxina web do noso centro.
- **Día do autismo:** fixemos un debuxo para a ocasión e visualizamos na aula a cortometraxe "Vuela" para reflexionar sobre esta patoloxía e sobre a importancia de respectar as características e peculiaridades de cada persoa.
- **Celebración dos Maios:** para a ocasión os nenos/as de 1º prepararon una canción con coplas que cantaron no acto dos maios celebrado ao aire libre na pista do noso colexio ante todo o alumnado restante e mailos mestres. Cantaron as coplas arredor da árbore dos maios confeccionada para a ocasión ao igual que o fixeron os mestres e os pais dalgúns alumnos/as. Tamén colaboraron na decoración da árbore traendo flores para adornala.
- **Día do medioambiente:** con motivo desta celebración, o 5 de xuño, o alumnado de 1º visualizou unha proxección que os fixo reflexionar sobre a importancia do coidado do no-

so planeta e de como podemos colaborar día a día nese coidado. Pintaron un debuxo da Terra e fumos ver o mural do cole sobre dita temática baixo o lema "Unha soa Terra".

- **Proxecto "Descubrimos-Mos" con Petela:** dentro deste proxecto o alumnado de 1º investigou e traballou sobre a parroquia de Guizán (Mos). As familias tamén colaboraron aportando fotos do lugar. O alumnado recolleu información, recortou as fotos, coloreou... Finalmente fixemos unha montaxe a modo de mural que quedou exposta na entrada do cole xunto co de outras parroquias traballadas por outros cursos. A nosa aportación sobre Guizán levouse a cabo conxuntamente co alumnado de 3º curso de Educación Primaria.
- **Proxecto "Vexo, veo Xacobeo":** O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria xunto con 6º de Educación Infantil traballou sobre o proxecto "Vexo, veo Xacobeo". O proxecto desenvolveuse levando a cabo unha serie de actividades que incluíron a visualización de proxeccións con información sobre o Camiño de Santiago, a confección dos traxes de peregrinos para o desfile de Entroido así como a excursión final do curso a Santiago de Compostela para visitar a cidade e a Catedral. Na aula realizaron actividades da unidade didáctica proposta pola Consellería de Turismo, coa que puidemos traballar e aprender contidos como a simboloxía do camiño, o itinerario a seguir, os elementos da vestimenta dos peregrinos/as ou o patrimonio natural, cultural, arquitectónico e artístico presente nel. Ademais o noso alumnado levou a cabo traballos de carácter plástico (murais, collages, mosaicos...) sobre a temática do Camiño de Santiago. O desenvolvemento do proxecto culminou coa visita á cidade de Santiago de Compostela, xa que os alumnos/as de 1º e 2º curso de Educación Primaria viaxaron ata ela como excursión de final de curso. Unha vez chegados á cidade visitaron a Praza do Obradoiro e posteriormente o Museo da catedral, o Pórtico da Gloria, o interior da catedral e o Palacio de Fonseca. A excursión tamén incluíu unha viaxe en tren polos parques de Santiago. Finalmente demos un paseo polo casco antigo da cidade e os nosos alumnos/as comeron na alameda. Esta actividade resultou moi ilusionante e motivadora para o alumnado que puxo en práctica os seus coñecementos sobre o Xacobeo 2022 e o aprendido sobre o Camiño de Santiago ao longo do curso 2021-22. O 15 de xuño o alumnado presenciou unha actuación con mabares e teatro no Pazo de Mos. Posteriormente fixeron camiñando un pequeno tramo do Camiño de Santiago.
- **Actuación mago:** o 20 de xuño todo o alumnado do noso centro presenciou a actuación

dun mago no noso colexio.

- **Concerto "Soñando inventei"**: o 21 de xuño asistiu todo o alumnado do noso centro a este concerto didáctico no Multiusos das Pozas.
- **Festival de fin de curso**: o alumnado de 1º fixo unha coreografía coa canción "Que canten los niños" de José Luis Perales. Para a ocasión foron vestidos con roupa de cores e levaron uns xirasoles como parte do atrezzo da súa actuación. O festival foi celebrado o 22 de xuño no multiusos das Pozas e nel participou a totalidade do alumnado do noso centro educativo.

4. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula está integrado por 16 alumnos/as.

O equipo docente de 2º de Educación Primaria estivo formado por :

TITORA:	Mª de los Ángeles Collazo Fidalgo
ESPECIALISTAS:	Raquel Domínguez Senlle (Música) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego (Relixión) Alicia Castro Cabaleiro (lingua extranxeira)María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) María Diana Pérez Soto(Audición e Linguaxe)

OBXECTIVOS:

Valoración/evaluación:

Neste curso o alumnado co que traballei é moi heteroxéneo tanto polas súas características como necesidades. O grado de consecución de obxectivos foi bo presentándose dificultades na consecución dos mesmos en aqueles alumnos que presentan dificultades na aprendizaxe que non puideron lograr os obxectivos marcados para eles.

Propostas de mellora:

- continuar cos apoios na aula para axudar ao alumnado a conseguir os obxectivos propostos (Reforzo educativo, atención dos especialistas de PT e AL segundo os casos).
- dispoñer de libros de texto que axuden aos alumnos e ás familias a recoñecer un

traballo sistemático dos contidos e a motivar aos alumnos na aprendizaxe dos diferentes contidos.

- Seguir contando coa colaboración das familias nas propostas de traballos colaborativos e na participación das actividades da aula.

METODOLOXÍA:

Valoración/avaliación:

A metodoloxía foi encamiñada á necesidade de aumentar o nivel de competencia do alumnado nos diferentes ámbitos. Utilizouse a pizarra branca como ferramenta para facilitar as explicacións ao grupo e visionado de vídeos didácticos das distintas materias. A variedade de actividades propostas, unida a diferentes formas de agrupamento, fixo que os alumnos con diferentes estilos de aprendizaxe se beneficiaran e aprenderan, uns de outros, a utilizar diferentes estratexias de aprendizaxe. Ofreceuse aos alumnos un ambiente de aprendizaxe cooperativo e enriquecedor. As normas xurdiron da necesidade real, sempre intentando que os alumnos fosen e se sentisen responsables da súa propia aprendizaxe.

Propostas de mellora:

Continuar a liña de metodoloxía na que os alumnos e alumnas sexan protagonistas das súas aprendizaxes e valoren a súa experiencia persoal como enriquecedora compartíndoa cos seus compañeiros e compañeiras.

AVALIACIÓN:

Valoración/avaliación:

Cunha avaliación inicial comprobouse o nivel curricular adquirido do alumnado no curso 2020-21 e estableceuse un punto de partida no proceso de ensinanza -aprendizaxe. As estratexias foron diversas, probas individuais orais e escritas, probas de comprensión lectora, observación directa, revisión de tarefas e pequenos traballos. Á hora de avaliar aos alumnos/alumnas consideráronse aspectos como: traballo diario, participación na clase, actitude do alumno fronte á materia, comportamento, resultados en probas escritas e en probas orais. Realizáronse actividades de reforzo e ampliación cos alumnos que o precisaron. Avaliouse o grao de consecución das competencias nas diferentes áreas segundo os indicadores para cada unha.

Neste curso, 1 alumna de 2º asistiu a aula de Audición e Linguaxe para axudarlle na súa posible dislexia, pendente de diagnóstico polo especialista médico. Así mesmo 3 alumnos asistiron a sala de Pedagogía terapéutica para traballar as súas dificultades na lectura, escritura, cálculo e razoamento.

O traballo na aula caracterizouse pola falta de conflitos e o interese xeral por aprender.

Durante este curso, a titora derivou ao Departamento de Orientación a dous alumnos para a súa avaliación psicopedagóxica. Quedou pendente a valoración definitiva das probas realizadas a un alumno e pendente de realizar as probas pertinentes para aportar na próxima cita médica a outro alumno por falta de tempo no Departamento de Orientación debido as ausencias/baixas neste curso. Prevese que se realice ao inicio do vindeiro curso.

Como cada curso a información ás familias do proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus fillos e fillas foi periódica coa entrega do boletín informativo ao finalizar cada trimestre e con diferentes reunións nas sesións de titoría. Dos 16 alumnos/as que forman o grupo de 2º de Primaria, promocionan catorce alumnos/as e non promocionan dous alumnos/as .

Propostas de mellora:

Continuar cos apoios e reforzos educativos para atender a diversidade do alumnado. Revisar periódicamente os apoios dos alumnos/as para seguir adaptándose ás necesidades reais, sobre todo tendo en conta as necesidades de algúns alumnos tanto en PT coma en AL.

PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso participaron de xeito activo nas actividades propostas polo equipo de actividades complementarias e de dinamización lingüística na decoración e nas actividades relacionadas coa exposición da entrada do colexio e nas actividades do proxecto de centro : Descubri- "Mos" con Petela.

Este curso debido ás reformas na biblioteca non puidemos visitala nin facer préstamos ata o mes de xuño, mais contamos coas mochilas viaxeiras como préstamo de libros e participación das familias. Na hora de lectura, unha vez á semana lemos contos con distintas temáticas: diversidade, conflitos, tipos de familias, valores... para mellorar o ambiente dentro da aula e crear un bo clima onde se sentisen a gusto e participasen. Así mesmo realizamos a actividade de lectura en voz alta durante o 3º trimestre onde unha vez á semana un alumno lía un conto ao resto da aula.

As actividades celebradas foron:

- **O Magosto:** celebrouse un acto ao aire libre onde todo o alumnado do noso centro cantou unha canción adicada ao magosto. Despois degustaron as castañas asadas e finalmente fixéronse xogos populares. Os alumnos confeccionaron portacastañas coas súas familias.
- **Día da Violencia de Xénero** (25 de novembro): para dita ocasión os alumnos de 2º confeccionaron unha árbore sobre cartolina a modo de mural. Nela puxeron palabras posi-

vas (amor, respecto, agarimo...) e negativas (dor, golpe, medo...) con respecto á violencia de xénero. A árbore foi colocada nesa data na porta da nosa clase. Reflexionamos sobre a problemática da violencia de xénero e percorremos as aulas restantes para observar as árbores que confeccionaron para a ocasión.

- **Actividade no multiusos das Pozas:** os nenos/as asistiron a un contacontos con motivo do 25N.
- **Samáin:** Celebrámolo decorando cabazas para colocar na exposición do cole así como inventando un conto de medo que quedou recollido nun libro que está exposto na biblioteca do noso centro. Ademais visitamos a exposición de libros de medo no recuncho de lectura.
- **Campionato de chapas e de bólas:** o alumnado de 2º participou en ámbalas dúas competicións. Os gañadores da aula recibiron un diploma e un agasallo nos actos de entrega de premios.
- **Actividades Nadal:** fixeron adornos con materiais de refugallo para colocar na árbore de Nadal. Recibiron na aula a visita dos paxes dos Reis Magos e cantaron para os compañeiros doutras aulas a canción de aguinaldo "" preparada pola mestra de música Raquel Domínguez. Na aula realizaron traballos plásticos relacionados coa temática do Nadal e escribiron os desexos por cumprir que depositaron no Buzón dos Desexos.
- **Día da Paz 2022:** con motivo da celebración do Día da Paz os alumnos/as de 2º decoraron a pomba e símbolo da Paz para colocalos na Árbore da Paz. Tamén escribiron unha mensaxe de desexos de paz que se colocou no Mural da Paz. Participaron nunha videomontaxe coa canción de fondo "Onde reina a Paz". Todo elo organizado e realizado pola mestra de música Raquel Domínguez. A videomontaxe foi visualizada en tódalas aulas o venres 28 de xaneiro (data na que celebramos o Día da Paz no noso cole por coincidir o día 30 en domingo). Ao longo da Semana da Paz 2022 os alumnos de 2º fixeron traballos plásticos na aula relacionados coa paz así como actividades de unidades didácticas e fichas relacionadas con dita celebración. Tamén foron á exposición do recuncho de lectura onde leron libros relacionados coa temática da paz.
- **Día Mundial da Radio:** o alumnado de 2º e mediante unha iniciativa promovida por Ponte...nas Ondas, tivemos a sorte de poder entrevistar en Radio Petela a Uxía e Paca, veciñas cantoras de Sanguñeda e de O Porriño. Foi unha entrevista sobre o patrimonio inmaterial, na que o pasamos moi ben e aprendemos moitas cousas. Contamos coa colaboración de Nerea e Martín, de 6º, no equipo técnico.
- **Mochila viaxeira:** o alumnado de 2º participou nesta actividade proposta polo Equipo de Biblioteca. Levaron a mochila con libros para a súa casa por quendas e fixeron entre to-

dos coa colaboración da súa familia un caderno con debuxos, fotos e textos que foi exposto na biblioteca ao final de curso.

- **Retos** :os alumnos de 2º participaron en tres sesións de retos aprendendo matemáticas de forma divertida a través de materiais manipulativos para xeometría :xeoplano,tangram, pentominós e programación con tabletas, lonxitude e figuras 2D e 3D.
- **Entroido**: para a celebración do Entroido leváronse a cabo unha serie de actividades ao longo da semana que concluíron cun desfile polos arredores do cole ante a presenza dos pais e nais. Durante a semana os alumnos/as viñeron disfrazados de temáticas propostas relacionadas co Camiño de Santiago (relixión, campesiños, personaxes da nobreza, oficios do rural, peregrinos...). No desfile os alumnos/as de 1º e 2º curso de Educación Primaria foron disfrazados de peregrinos como actividade dentro do proxecto "Vexo, veo Xacobeo". O Anpa agasalounos con orellas de Entroido para todos.
- **Día da Muller**: para a celebración desta data traballamos sobre a figura de Ángeles Alvaríño.Fixemos unha investigación na aula de informática e na clase entre todos elaboramos un mural coa súa biografía, facendo referencia á celebración do Día da Muller na Ciencia. Finalmente expuxemos o mural nun do taboleiros do cole xunto cos traballos dos outros cursos. Tamén fomos ao recuncho de lectura onde leron libros sobre o papel da muller no mundo da ciencia e da cultura en xeral ao longo da historia así como libros en prol da igualdade.
- **Obradoiro de xadrez**: nos meses de marzo e abril os alumnos de 2º participaron nun taller de xadrez que tivo lugar na nosa aula ao longo de cinco sesións. Resultou ser unha actividade moi motivadora para eles a través da cal traballamos sobre a importancia da capacidade de concentración para levar a cabo con éxito as distintas actividades.
- **Visita á panadaría**: o alumnado de 2º visitou unha panadaría próxima ao noso cole para aprender sobre o proceso de elaboración do pan. Ademais de recibir explicacións do panadeiro sobre o proceso, eles tamén participaron activamente na elaboración do seu propio boliño de pan que finalmente puideron levar para as súas casas.
- **Mes da Ciencia**: lectura de libros relacionados con dita temática e realización de experimentos que foron expostos na páxina web do noso centro.
- **Día do autismo**: fixemos un debuxo para a ocasión e visualizamos na aula a curtometraxe "Academia de especialistas" para reflexionar sobre esta patoloxía e sobre a importancia de respectar as características e peculiaridades de cada persoa.
- **Día do libro**:Os alumnos de 2º leron ao compañeiro asignado un libro durante o apadriñamento.Fixemos un marcapáxinas de agasallo para lembrar esta celebración.

- **Celebración dos Maíos:** para a ocasión os nenos/as de 2º prepararon una canción con coplas que cantaron no acto dos maíos celebrado ao aire libre na pista do noso colexio ante todo o alumnado restante e mailos mestres. Cantaron as coplas arredor da árbore dos maíos confeccionada para a ocasión ao igual que o fixeron os mestres e os pais dalgúns alumnos/as. Tamén colaboraron na decoración da árbore traendo flores para adornala.
- **Charla de Alimentación saudable:** O alumnado de 2º recibiu na aula unha charla sobre alimentación saudable a cargo de Inés e Lorena, enfermeiras do Centro de Saúde de Mos, que dende a Concellería de Educación leva a cabo o Concello de Mos. O obxectivo é reducir ou eliminar todos aqueles factores que incrementan a probabilidade de que se produza un trastorno. O alumnado estivo traballando durante o curso un proxecto de alimentación saudable coa profe Leticia, mestra de educación física, a través de diferentes libros da biblioteca: "La rebelión de las verduras", "cuentos cortos para comer de todo", "Sanotes, sanitos"...
- **Día do medioambiente:** con motivo desta celebración, o 5 de xuño, o alumnado de 2º elaborou uns animais en colaboración coas familias con materiais de reciclaxe. Despois investigaron na aula de informática sobre as características dos distintos animais. Para rematar visualizamos o vídeo "Que le pasa al planeta" e conversamos sobre a importancia do coidado do noso planeta e de como podemos colaborar día a día nese coidado.
- **Visita de Iago López:** o alumnado de 2º recibiu a visita de Iago López despois de traballar na aula o seu libro de lectura "Mariña e Marosa viaxan a Compostela" dentro da súa investigación sobre o Camiño de Santiago.
- **Proxecto "Vexo, veo Xacobeo":** O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria xunto con 6º de Educación Infantil traballou sobre o proxecto "Vexo, veo Xacobeo". O proxecto desenvolveuse levando a cabo unha serie de actividades que incluíron a visualización de proxeccións con información sobre o Camiño de Santiago, a confección dos traxes de peregrinos para o desfile de Entroido así como a excursión final do curso a Santiago de Compostela para visitar a cidade e a Catedral. Na aula realizaron actividades da unidade didáctica proposta pola Consellería de Turismo, coa que puidemos traballar e aprender contidos como a simboloxía do camiño, o itinerario a seguir, os elementos da vestimenta dos peregrinos/as ou o patrimonio natural, cultural, arquitectónico e artístico presente nel. Ademais o noso alumnado levou a cabo traballos de carácter plástico (murais, collages, mosaicos...) sobre a temática do Camiño de Santiago. O desenvolvemento do proxecto culminou coa visita á cidade de Santiago de Compostela, xa que os alumnos/as de 1º e 2º curso de Educación Primaria viaxaron ata ela como excursión de final de curso.

Unha vez chegados á cidade visitaron a Praza do Obradoiro e posteriormente o Museo da catedral, o Pórtico da Gloria, o interior da catedral e o Palacio de Fonseca. A excursión tamén incluíu unha viaxe en tren polos parques de Santiago. Finalmente demos un paseo polo casco antigo da cidade e os nosos alumnos/as comeron na alameda. Esta actividade resultou moi ilusionante e motivadora para o alumnado que puxo en práctica os seus coñecementos sobre o Xacobeo 2022 e o aprendido sobre o Camiño de Santiago ao longo do curso 2021-22. O 15 de xuño o alumnado presenciou unha actuación con malabares e teatro no Pazo de Mos. Posteriormente fixeron camiñando un pequeno tramo do Camiño de Santiago.

- **Actuación mago:** o 20 de xuño todo o alumnado do noso centro presenciou a actuación dun mago no noso colexio.
- **Concerto "Soñando inventei":** o 21 de xuño asistiu todo o alumnado do noso centro a este concerto didáctico no Multiusos das Pozas.
- **Festival de fin de curso:** o alumnado de 2º preparou unha coreografía coa canción "Glu, glu, glu" do grupo Mamá Cabra. O festival celebrouse o 22 de xuño no multiusos das Pozas e nel participou a totalidade do alumnado do noso centro educativo.

5. 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O grupo de aula está integrado por 15 alumnos/as.

O equipo docente de 3º de Educación Primaria estivo formado por :

TITORA:	Ana M ^a Álvarez Rocha
ESPECIALISTAS	María Jesús Navarta Pardo (Pedagogía Terapéutica) Raquel Domínguez Senlle (Música, Sociais e Plástica) Leticia Blanco Collazo (Educación Física) Rosa Novoa Gallego (Relixión) Alicia Castro Cabaleiro (lingua extranxeira)

Contexto da aula de 3º de educación primaria

Este curso o grupo de terceiro de educación primaria estaba formado por 9 alumnas e 7 alumnos. Se ben, no segundo trimestre, un alumno trasladouse a vivir a Ourense, polo que deixou o grupo.

Acción titorial

Utilizouse una metodoloxía variada: individualizada, proxectos, gamificación, dixital, experimentos, exposicións .

Continuamos traballando coa **aula virtual** do cole desde o primeiro día de clase cos libros dixitais de cada asignatura, cada lección de cada materia cun Power Point explicativo ao que adxunto **fichas interactivas** adicionais que os nenos/as facían e as enviaban ás mestras. Empregamos á **App Snappet** a diario como complemento do traballo e as fichas interactivas de “Liveworksheets”.

Por mor da situación sanitaria actual, reforzamos as medidas hixiénicas para a prevención da Covid-19. Neste curso houbo varios alumnos e alumnas que desenvolveron a enfermidade e que quedaron confinados na casa, a estes alumnos e máis aos que gardaron corentena por mor de familiares enfermos, as mestras contactábamnos coas familias por correo electrónico e teléfono. Traballaban e facían o mesmo que os seus compañeiros.

As tarefas que os alumnos realizaron na casa foron principalmente dixitais.

Consecución dos estándares de aprendizaxe

Estándares acadados

Esta clase é un grupo bastante heteroxéneo coas súas propias particularidades.

Seis alumnos son apoiados pola profesora de P.T, un dos alumnos diagnosticado con TDAH, dous pendentes de valoración e os tres restantes con dificultades na aprendizaxe e no traballo autónomo. Hai un alumno diagnosticado con Asperger que non presenta dificultades significativas. Hai outro neno diagnosticado de altas capacidades ao que se lle fai enriquecemento curricular.

Respecto dos resultados finais, tres alumnas promocionan con Matemáticas pendentes.

O alumnado restante, 12 neste caso, promocionan a 4º con todas as áreas aprobadas.

Estándares non acadados

Os estándares foron acadados, xa que a actividade lectiva desenvolveuse sen problemas.

Actividades complementarias

Este curso participamos en :

Charla sobre Igualdade, Prevención da violencia de xénero. Impartida por profesionais do CIM.

Charla sobre a discapacidade. “Todos baixo o mesmo paraugas” elaboramos material.

Contacontos, no Multiusos de Mos: Non máis princesas.

Visita á panadería Pereiras, participación no obradoiro.

Participación no programa xogade, 4 días de xogo nas instalacións de Always TM (Tenis de mesa).

Saída pola cortorna, parque de Torroso.

Saída Sendeiro do río Louro.

Excursión fin de curso, Ecoparque de Marín, parque das tirolinas.

Visita ao parque A Pesqueira, visita da garda civil.

Concerto didáctico, no multiusos.

Realización do programa de radio o día da actividade Física, reparto de premios.

Este curso 2021/2022 decidiuse, xunto co Equipo de Dinamización da Lingua galega e o Equipo de biblioteca, seguir a traballar o proxecto iniciado o curso pasado: “DescubriMOS con Petela”. A clase de terceiro traballou a parroquia de Guizán, participando na exposición de fotos, dúas alumna da clase.

Ademais participamos en todas as actividades e celebracións que realizou o centro:

CELEBRACIÓNS

Durante o curso a clase de 3º participou nas actividades propostas polo equipo de actividades complementarias e de dinamización lingüística na decoración e nas actividades relacionadas coa exposición da entrada do colexio e nas actividades do proxecto de centro : Descubri-“Mos” con Petela, concretamente traballamos a parroquia de Guizán.

Este curso continuamos coas reformas na biblioteca, non puidemos visitala nin facer préstamos ata case fin de curso, pero igual que o curso pasado contamos coas mochilas viaxeiras como préstamo de libros e participación das familias. Na hora de lectura, facemos lectura grupal en galego ou en castelán e a partir de xaneiro traballamos o libro “Pan con chocolate” de Paula Carballeira.

Samáin – Trballo individual na aula.

Magosto – Traballos individuais a nivel de titoría na área de artística. Participación na festa organizada no centro e desenvolvida no patio do colexio, onde cantamos unha cantiga popular galega, mantendo o grupo burbulla.

Participamos no campionato de chapas e bólas organizado polo EDLG. Mantendo o grupo burbulla.

Nadal - Actividades individuais por titoría con traballos para adornar a aula.

Día da Paz – Traballo individual na aula, e decoración de pompas con palabras alusivas á guerra en Ucraia.

Entroido - Traballo e disfraces a nivel de aula. (Semana do Meco e disfrace completo o último día). Disfrazámonos de peregrinos, participando no pasarrúas do cole.

Muller científica e experimentos.

Día do Libro : O alumnado, de forma voluntaria, enviou unha foto lendo un libro nun lugar exterior de Mos.

Charla da autora Paula Carballeira.

Letras Galegas: fixemos un traballo sobre as árbores do sendeiro do río Louro.

Revista “**As Novas do Perral**”, o alumnado participou na elaboración de traballos para a revista escolar do centro.

Maíos, cada aula axudou a elaborar un elemento ornamental que a profesora de música colocou no patio do cole. Participou na festa dos maíos, cantando as coplas elaboradas polo grupo clase.

6. 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Neste curso escolar 2021/22 impartín docencia a un grupo de 14 nenos e nenas de cuarto de primaria, concretamente 7 nenas e 7 nenos.

Como aspectos salientables a destacar en relación ao alumnado da miña aula, dicir que é un grupo bastante heteroxéneo.

Ademais, conto con varios nenos e nenas que cómpre destacar:

-Un neno con Trastorno de Espectro Autista, de incorporación ao centro o ano pasado e repetidor de 1º de primaria con informe do departamento de orientación do centro de orixe e unha discapacidade recoñecida. Conta cunha adaptación curricular en matemáticas e nas dúas linguas, que logrou superar de forma satisfactoria. Na aula contamos co apoio dunha mestra de PT preferente a tempo completo.

-Un neno diagnosticado de TOC e TDA e cunha discapacidade recoñecida. Precisa traballar cun horario estruturado, unhas rutinas e pautas claras e breves.

-Unha nena procedente de China e de nova incorporación a este centro que xa estivo escolarizada en distintos centros da comunidade autónoma. Presenta dificultades nas linguas e asiste unha sesión semanal a apoio coa mestra de AL.

-Unha nena que precisou apoio de PT debido a dificultades asociadas á comprensión lectora e comprensión e expresión escrita.

-Un neno con altas capacidades intelectuais que precisa un programa de enriquecemento curricular, ademais de realizar tarefas motivadoras que o estimulen. Na aula precísase captar a súa atención continuamente.

- Un neno repetidor con dificultades de aprendizaxe. Precisa ser guiado na realización das tarefas para que se sinta máis seguro de si mesmo, sobre todo á hora de realizar exames.

Por outra banda dicir que este ano participamos no programa ARCO, polo que tivemos unha mestra de PT que impartiu 6 sesións semanalmente no primeiro trimestre, como profesora de reforzo nas Linguas e en Matemáticas, nos alumnos que previamente seleccionaron as mestras titoras para reforzar as aprendizaxes, debido ás necesidades que presentan.

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

En xeral, os obxectivos deste curso foron acadados, cun nivel medio satisfactorio tanto na adquisición da competencia lingüística e matemática como coas demais competencias. Respecto dos resultados finais, os 14 alumnos neste caso promocionan a 5º con todas as áreas aprobadas.

O fomento da lectura mediante diferentes técnicas foi fundamental para promover a autonomía na aprendizaxe do alumnado e mellorar o seu rendemento escolar. Tódolos días despois do recreo, na hora de lectura establecida polo centro, promovíase a lectura de diferentes maneiras (lectura compartida, individual, en diferentes soportes...) e con distintos recursos; actividades de comprensión lectora, a mochila viaxeira, creación na aula de distintos libros (o de Catuxa e o dos medos polo Samaín, o receitairo viaxeiro, o das palabras máxicas, o dos retos).

Leváronse a cabo diversas metodoloxías, coa realización de actividades tanto individuais (lapbook, flipbook, actividades interactivas a través de snappet e da aula virtual, tarro de sal, bolsa de tea), en parellas (xogos, entrevistas) coma colectivas (experimentos,

exposicións, gravacións),poñendo especial énfase no traballo cooperativo, a aprendizaxe por descubrimento e a realización de traballo por proxectos e tarefas de aprendizaxe integradas.

E por último comentar que empreguei a aplicación de Abalarmóbil e o correo electrónico para poder comunicarme directamente coas familias e co alumnado e poder así resolver calquera dúbida ou pregunta que me quixeran comunicar, ademais de enviarme tarefas realizadas. Ademais de titorías trimestrais.

Durante o curso, mantivemos unha comunicación continuada coa titora de 3º para coordinar as actuacións en relación á programación dalgunhas actividades e tarefas en comúns (saídas, celebracións...)

SAÍDAS E ACTIVIDADES

1º trimestre

- Elaboración dun portacastañas e celebración do Magosto no patio por parcelas.
- Concurso de cabazas a nivel centro.
- Realización na aula dun conto terrorífico polo Samaín.
- Decoración da porta co motivo do Día internacional de eliminación da violencia de xénero.
- Charla sobre violencia de xénero.
- Campionato de chapas organizado polo equipo de dinamización da lingua galega.
- Festa de pre fin de ano na aula.
- Contacontos de igualdade “Non máis princesas” no multiusos de Petelos.

2º trimestre:

- Celebración do Día escolar pola non violencia e a Paz. Traballo individual e decoración da porta da aula.
- No entroido: semana do Meco, elaboración do disfrace e festival de entroido pola rúa.
- Día de Rosalía: warhol coa cara de Rosalía, libriño da súa vida, traballo coa canción de Rosalía pequeniña e gravación coas súas voces.
- Campionato de bolas organizado polo equipo de dinamización da lingua galega.

- Saída ao parque de Torroso.

3º trimestre:

- Como conmemoración do día do libro fixemos de booktubers e gravamos un vídeo.
- Lectura do libro dos Minimortos e visita de Leticia Costas.
- Letras Galegas: traballo sobre Florencio Delgado, actividades interactivas e realización da Revista do cole
- Celebración dos maios no patio coa elaboración dun maio e dunha coplas.
- Visita a panadería.
- Ruta pola senda do río Louro e o Pazo de Mos.
- Saída ao Ecoparque de Marín.
- Concerto didáctico no multiusos de Petelos.
- Actuación dun mago.
- Concerto de igualdade no multiusos de Petelos.
- Festival de fin de curso no multiusos de Petelos.

CONCLUSIÓNS OU PROPOSTAS DE MELLORA

- Continuar reforzando o traballo relacionado co desenvolvemento das competencias, especialmente a competencia lingüística e a competencia matemática.
- Empregar as técnicas de estudo (subliñado, esquemas, resumo) e orientar aos alumnos/as sobre os hábitos de estudo na casa, dar pautas sobre os lugares e horarios de estudo.
- Potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula e na casa a través das distintas materias.
- Manter o apoio na aula, xa que resulta de gran axuda ao tratarse dun grupo tan diverso e reflectíndose positivamente nos resultados acadados polo alumnado.
- Promover actividades e obradoiros de animación á lectura dende a Biblioteca do centro.
-

7. 5º CURSO DE PRIMARIA

Valoración Xeral

Este curso, o grupo de quinto de 28 alumnos e alumnas seguiu desdoblado en dous A e B. A repartición do alumnado feita a principio de curso para dar acollida ao alumno repetidor con trastorno de conduta foi axeitada.

O grupo de 5º A quedou con 16 alumnos/as e o de 5º B con 12. Este 2º grupo foi o que acolleu a este alumno con problemas de conduta que estivo acompañado durante todo o curso por unha profesora especialista en trastornos de conduta.

Ao mesmo tempo, o titor e titora de cada un dos dous cursos impartiu clases en ambas aulas, dando o 1º matemáticas en ámbolos dous quintos e a 2ª, ciencias naturais, ciencias sociais e plástica.

Serviu isto para ter unha dinámica de traballo harmónico en todo 5º curso.

Participamos por primeira vez no "programa edixgal", o que fixo que todo o alumnado tivese un portátil persoal e posibilidades de acceder aos contidos de ensino da plataforma educativa EVA. Tamén traballamos con libros físicos, e ben que nos foi, xa que a estas alturas de curso, aínda non chegaron os carros de carga.

As actividades desenvolvéronse en sendas aulas como en cursos anteriores, pero neste, por mor da pandemia e dos protocolos sanitarios, as actividades que traballabamos xuntos (saídas, actividades das conmemoracións, ...) aínda non estiveron normalizadas, e só no 3º trimestre empezamos a relaxalas, sempre cumprindo todos os protocolos.

O grupo de 5º A, con 16 alumnos, é un grupo bastante homoxéneo, aínda que hai un alumno e alumna que presentan moitas dificultades.

Este curso participamos no programa ARCO, polo que tivemos unha mestra de primaria, (só durante mes e medio do primeiro trimestre) que impartiu catro sesións nesta aula, como profesora de reforzo nas Linguas e máis en Matemáticas, nos alumnos que previamente seleccionaron o titor e titora, para reforzar as aprendizaxes, debido as necesidades que presentan un grupo reducido de alumnos.

Deste grupo de 5º A, seis alumnos recibiron apoio da profesora de P.T. en diferentes sesións dentro da xornada escolar. Ademais un alumno e unha alumna recibiron apoio de

reforzo nunha sesión de lingua e noutra de matemáticas, con mestras de reforzo. O alumnado restante ten características evolutivas propias a súa idade cronolóxica.

Respecto dos resultados finais, todo o alumnado promociona a 6º, aínda que hai dous alumnos que teñen moitas dificultades; unha que xa repetira en 2º curso e que non acadou os mínimos nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais e matemáticas; e outro alumno que haberá que reforzar en 6º pois presenta moitas lagoas e non acadou os mínimos nas áreas de ciencias naturais, ciencias sociais, educación física e matemáticas.

O grupo de 5º B, con 12 alumnos, acolleu ao alumno con trastorno de conduta. É un bo grupo que aceptou ben a este alumno, o cal sentiuse integrado despois duns inicios difíciles.

Respecto dos resultados finais, todo o alumnado promociona a 6º, dúas alumnas fannos con Ciencias Sociais pendente, e outra alumna con Matemáticas, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais. O resto do alumnado faino con todo aprobado.

Actividades complementarias

Este curso as actividades foron reducidas tal como xa previmos no inicio de curso. A distancia de seguridade, as máscaras... marcaron os dous primeiros trimestres e o 3º escomezamos a volver a certa normalidade.

Visita á prospección do Castro de Pereiras, no mes de setembro.

Charla “Novas tecnoloxías”, no mes de novembro.

Charla “Acoso escolar”, no mes de novembro.

Conto “Non máis princesas”(igualdade) Multiusos, no mes de novembro.

Participación nun “cross en Zamáns”, no primeiro trimestre.

Saída ao Pena de Francia para “xogar ao voleibol”, no mes de marzo.

Charla “O monte”, no mes de abril.

Obradoiro “técnicas de estudo” nos meses de marzo e abril.

Obradoiro “A dobraxe” dentro das actividades da biblioteca no mes de abril.

Charla “Vitaminas e saúde” dentro do programa: “Mi mejor merienda”, no mes de maio.

Charla de Andrea Maceiras, sobre o seu libro “A folla azul”, no mes de maio.

Charla Bádminon+, no mes de maio.

Andaina ao parque de Torroso, para alí xogar “Á busqueda do tesouro”, no mes de xuño.

Participación na actividade **“actuación dun mago”**, no mes de xuño.

Concerto didáctico, no multiusos, no mes de xuño.

Actuación "**Soñando inventei**", no multiusos, no mes de xuño.

Tamén participamos de todas aquelas actividades que dende o EDLG, o de Activ. Extra-escolares, a Biblioteca e a Radio se promocionaron.

Conclusión e propostas de mellora

- Manter a distribución do alumnado de cada grupo e a impartición de materias, igual no próximo curso .
- Potenciar as actividades na biblioteca.
- Potenciar o traballo en edixgal.

8. 6º CURSO DE PRIMARIA

Valoración Xeral

A valoración xeral do curso 2021-2022 é moi positiva, xa que tiñamos moita preocupación sobre como se desenvolvería e a verdade é que o alumnado cumpriu de maneira moi adecuada.

A clase de 6º tivo 18 alumnos. En xeral é un grupo que acadou maioritariamente os obxectivos propostos.

No primeiro trimestre activouse a "Aula virtual" para continuar coa proposta de actividades e recursos dixitais como reforzo. Seguimos promovendo o traballo on-line a través da aula virtual do centro. Serviu isto para que algún alumnado reforzase os contidos e outro os aumentase.

Na avaliación ordinaria, os 18 alumnos promocionan de curso e de etapa.

O desenvolvemento do traballo en xeral foi moi bo, o rendemento moi aceptable e moi agradable o traballo na aula. A convivencia entre o alumnado foi adecuada e non houbo problemas significativos de disciplina.

Actividades complementarias

Como complemento ás actividades escolares establecidas, neste curso participamos en:

Visita á prospección do Castro de Pereiras, no mes de setembro.

Charla “Novas tecnoloxías, seguridade en internet”, no mes de novembro.

Charla “Acoso escolar”, no mes de novembro.

Charla “Violencia de xénero”, no mes de novembro.

Participación no “cross escolar en Zamáns”, no primeiro trimestre.

Charla “Prevención conductas adictivas”, no mes de decembro

Charla “O monte”, no mes de abril.

Encontro coa escritora Antía Yañez, no mes de maio.

Saída a facer SURF no mes de xuño

Charla Bádminton+ , no mes de maio.

Visita ao IES e Charla de ex alumnos, orientadora e vicedirectora (maio e xuño)

Participación na actividade **"actuación dun mago"**, no mes de xuño.

Concerto didáctico, no multiusos, no mes de xuño.

Visita ao parque A Pesqueira, exhibición da Garda civil.

Actuación **"Soñando inventei"**, no multiusos, no mes de xuño.

Outras actividades complementarias nas que participamos, foron todas aquelas que por tradición se fan no colexio: magosto, chapas, nadal, entroido, Día da Paz, bólas e actividades propostas polo Equipo de biblioteca e de Actividades complementarias...

Ademais unha parte do alumnado participou nas actividades de Voluntariado da Biblioteca escolar e no Club de lectura. Tamén participaron en Radio Petela, cerrando a emisión cun programa de radio especial de despedida. Tamén participamos na revista do colexio.

9. *ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.*

A ensinanza do inglés impartiuse dende o primeiro nivel de Educación Infantil (3 anos) ata o 6º curso de Educación Primaria.

•Educación Infantil

As clases nesta etapa estaban divididas en dúas sesións de 25 minutos cada unha, para todos os niveis.

O eixe principal das clases foi a comunicación oral polo que tódalas actividades estiveron baseadas nese principio. Ó longo dos tres niveis que compoñen a etapa de educación infantil pretendeuse iniciar ó alumnado na aprendizaxe da lingua estranxeira mediante:

A imitación e repetición de sons, palabras e frases significativas.

Usando unha perspectiva lúdica, xa que nesta etapa educativa o xogo permite partir dun enfoque globalizado, motiva ó alumnado a participar nas actividades de aula, esperta o interese pola lingua e as aprendizaxes adquiridas adquiren maior nivel de significatividade posto que gardan relación con experiencias reais do alumnado ou situacións da vida cotiá.

Os principais recursos cos que se contou na aula de inglés foron:

A casiña de Teddy, onde estaban as marionetas que nos presentaban o vocabulario que íamos traballar en cada sesión, cancións, vídeos, tarxetas, xogos e elementos da propia aula.

As actividades foron orais e interactivas precisando a participación activa do alumnado dende un enfoque lúdico, mellorando así a súa destreza auditiva. Realizamos xogos con flashcards relacionadas coas temáticas que se estaban a traballar na aula (números, cores, animais, días da semana,...), aprenderon cancións, leváronse a cabo unha serie de rutinas diarias onde se lles pregunta que tal están, cal é o seu nome, que tempo fai e o día da semana. Todo isto acompañado de material visual que permite ó alumnado familiarizarse coas cuestións a traballar cada día. Nesta mesma liña de traballo, por medio das actividades de TPR os nenos respondían corporalmente ás mensaxes ou instrucións dadas. Nalgún momento tamén se traballaron fichas en formato papel como complemento ó traballo oral.

Tamén se traballaron os seguintes temas relacionados con aspectos socioculturais da lingua estranxeira:

The seasons (estacións)

Halloween (Samaín)

Christmas (O Nadal).

Ademáis, colaborouse nalgún aspecto dos proxectos que estaban a desenvolver na titoría. A valoración da consecución dos obxectivos e dos contidos propostos foi moi positiva ó longo do curso.

•1º e 2º curso de Ed. Primaria

O ensino de inglés no primeiro ciclo estivo repartido en dous grupos correspondentes ao 1º e 2º curso do mesmo.

Nestes cursos, o ensino do inglés (ó igual que no ciclo anterior) estivo baseado principalmente no uso de todo tipo de actividades de carácter dinámico, e de resposta física total (TPR) orientadas en todo momento a acadar unha mellora na destreza oral. Tamén se traballou a comprensión oral. O enfoque comunicativo foi o que dirixiu a comunicación oral, obxectivo prioritario deste ciclo, e a motivación sentou as bases para a aprendizaxe, de xeito que a atención foi máis intensa, a aprendizaxe máis rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira e a sociedade e cultura que esta implica.

Cos alumnos de 2º curso empezouse de maneira gradual e moi sinxela a introducir a destreza escrita (writing), sempre destacando a diferenza entre a pronuncia e a fala.

Entre os recursos empregados, ademais do seu libro de texto, (All about us 1 e All about us 2), tamén se utilizaron os recursos dixitais asociados aos libros de texto, contos, cancións, xogos, xogos interactivos e flashcards.

En xeral conseguíronse tódolos obxectivos propostos aínda que nalgún alumno se apreciou algunha dificultade co que houbo que reforzalos cunha atención máis individualizada. Todos os alumnos superaron a materia.

•3º, 4º, 5º e 6º curso de Ed. Primaria

Nestes cursos de Educación Primaria, os resultados varían segundo cada nivel. En xeral, acadáronse moi satisfactoriamente os obxectivos previstos. Os alumnos e alumnas concienciáronse da importancia dunha correcta pronunciación do inglés e decatáronse da súa importancia como medio de comunicación dentro dun marco europeo.

Outro aspecto moi traballado foi a comprensión e produción oral, mediante diversos exercicios de audición e exposición oral, que lles permitiu afianzarse e coller seguridade ante o idioma.

Por outra banda, no referente á expresión escrita, foi traballada gradualmente dende o terceiro curso ata o sexto, incrementando en cada caso o nivel de dificultade dos textos a medida que se ían acadando as competencias orais de comprensión e expresión de ideas, vocabulario e estruturas lingüísticas.

En canto aos materiais, empregáronse unha gran variedade de recursos, tales como videos, worksheets, flashcards, word cards, pósters, audios, textos sinxelos, etc.; e os libros de texto de **All about us**, en versión dixital, e o caderno de traballo correspondente **Activity Book** a partir dos que se traballaron as diferentes competencias lingüísticas: writing, reading, listening e speaking, así como compoñentes culturais propios dos países de fala inglesa.

•A utilización da tecnoloxía

É de destacar tamén a utilización da Tecnoloxía na clase de inglés. Os alumnos utilizaron a aula de Informática un día a semana para traballar por parellas e para practicar o vocabulario traballado nas clases a través de xogos en liña, adaptados a súa idade e á materia que estábamos a tratar.

Respecto dos **contidos actitudinais**, en todo momento procuráronse iniciar e consolidar actitudes de respecto ante os costumes e tradicións dos países anglosaxóns.

•Avaliación de resultados

A avaliación dos resultados estableceuse en base a consecución dos obxectivos propostos para esta área no PXA (Programación Xeral Anual).

•Resumo xeral e dificultades atopadas

As dificultades atopadas durante o curso varían dependendo do curso e das idades dos alumnos, pero en xeral poderíamos resumilas nos seguintes puntos:

Ed. Infantil:

Dificultade para adaptarse as rutinas específicas da clase sobre todo no primeiro trimestre.

•1º e 2º de Ed. Primaria:

Mellora a atención dos alumnos, pero presentan moitas dificultades na lectura de textos simples en inglés, xa que lles resulta moi difícil comprender que, a diferenza do español ou do galego, en inglés, escríbese dunha forma e pronúnciase doutra.

•3º e 4º de Ed. Primaria:

Nestes cursos comeza a dárselle máis importancia á escritura e lectura de textos en inglés.

En 3º curso, e especialmente no primeiro trimestre, teñen dificultades na escritura, polo que se decide darlle un enfoque principalmente oral no primeiro trimestre. Pasada esta primeira fase, enxeral, o rendemento, o interese e a curiosidade dos alumnos pola lingua estranxeira aumenta paulatinamente.

•5º e 6º de Ed. Primaria:

Poderíamos dicir que son os cursos de maior produtividade por parte dos alumnos. A comprensión lectora aumenta considerablemente, son máis autónomos para a busca de información e o uso do dicionario. A comprensión oral e escrita é boa en xeral, e as maiores dificultades aparecen na consolidación das estruturas gramaticais, tanto na produción oral coma na escrita.

10. *ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA*

A valoración do curso académico 2021-2022 foi positiva.

Dende a área de Educación Física promovemos a participación do centro no Plan Proxecta dentro do PDC, no cal resultamos seleccionados co noso proxecto (Ver memoria Plan Proxecta).

En todos os cursos destacamos as dificultades para levar a cabo determinadas actividades e xogos, pois era importante respectar as medidas sanitarias impostas pola COVID. Non compartir materiais e a desinfección foron dous aspectos que ralentizaron e entorpeceron en certa medida as sesións de ed. Física. Cara final de curso coa modificación dos diferentes protocolos esta situación mellorou e as sesións puideron realizarse con maior normalidade.

1º e 2º curso

Os obxectivos mínimos propostos alcanzáronse practicamente na totalidade dos alumnos. A maior parte melloraron o seu rendemento así como a concentración e a atención .

Os obxectivos do Bloque de Saúde e coidado persoal melloráronse moito dende principio de curso, constituíndose o aseo como un hábito na rutina diaria da clase.

Os contidos desenvolvéronse segundo o previsto, con algunhas modificacións en canto a súa temporalización.

As dificultades atopadas nestes cursos foron principalmente a nivel de atención e autonomía (basicamente no momento do aseo persoal ó remate das sesións).

3º e 4º curso

Nestes cursos polas características evolutivas dos alumnos seguíronse traballando os obxectivos relacionados co corpo, a imaxe persoal e a percepción (espacial e temporal), independentemente de que nestes cursos tamén se incida nas habilidades básicas e específicas, introducindo paulatinamente as actividades predeportivas insistindo no coñecemento e aplicación das normas como elemento de socialización e na eliminación das actitudes agresivas nos xogos de oposición. Deberase insistir tamén nos obxectivos relacionados coa aceptación das normas e hábitos de hixiene.

Alcanzáronse os obxectivos mínimos fixados para cada un dos niveis, cun bo nivel de implicación por parte dos rapaces nas actividades propostas.

Na aula de 4º de primaria, atopamos certas dificultades na continuidade das sesións pola presenza dun alumno con NEAE. Por esta mesma razón ó longo deste curso sempre houbo na aula dúas mestras de forma simultánea.

5º e 6º curso

Co alumnado de 5º e 6º traballáronse principalmente actividades predeportivas e de condicionamento físico, buscando que os nenos e nenas aumentasen os seus coñecementos e recursos para a práctica de diferentes actividades físicas.

Nunha das aulas de 5º un alumno non acadou os obxectivos mínimos, quedando coa materia de Ed. Física pendente. Elaborárase un plan específico de recuperación de cara o vindeiro curso.

Os alumnos de 6º participaron en varias actividades deportivas organizadas no tempo de lecer que se engloban dentro do noso PDC.

Por outra banda, os equipos que se fixeron nas sesións diarias sempre foron mixtos de tal xeito que se pode dicir que no noso colexio non se aprecian esas diferencias típicas que os nenos e nenas fan, ás veces, entre xogos de nenos e xogos de nenas.

Material e Instalacións

En canto o material, está no almacén en bo estado, coa excepción dalgún bloque de psicomotricidade, así como balóns que se terían que remplazar. Neste curso adquirimos novos aros e renovamos partes dos balóns específicos dos diferentes deportes, valos.

Avaliación

En xeral considero a avaliación deste curso e de todo o proceso de ensino e aprendizaxe positivo, pois acadáronse os obxectivos previstos e os nenos e nenas participaron activamente, amosando moito interese pola materia na cal buscabamos o desenvolvemento integral do alumnado formándoos como persoas.

Propostas de mellora

De cara o vindeiro curso escolar 2022-2023, para o mellor funcionamento e conexión das Unidades Didácticas, reorganizáranse nos diferentes trimestres.

Así mesmo elaborárase un libro de fichas e traballo de aula para desenvolver os obxectivos das diferentes U.D. para aqueles alumnos con necesidades específicas temporais ou permanentes, que por diferentes motivos non poidan realizar Educación Física.

Para o curso que vén traballaremos temas relacionados coa nutrición e a alimentación saudable.

Tamén continuaremos coa proposta de facer os recreos máis activos e proporcionaremos aos alumnos diferentes materiais para a práctica deportiva, coa finalidade de crear un Patio Activo e continuar co PDC e propostas mensuais de xogos no tempo de lecer. Así como tratar de obter maior implicación por parte das familias na práctica conxunta de actividade física.

11. ED. ARTÍSTICA: MÚSICA

VALORACIÓN XERAL

Este curso escolar resultou satisfactorio, pois a nivel sanitario, aínda que comezamos con bastantes restricións, pouco a pouco, co avance do curso, fomos recuperando xa a normalidade. A nivel musical, foi un curso bastante creativo, pois fixemos bastantes actividades de creación propia, algo que resulta moi motivador, tanto para o alumnado, como para a mestra.

Educación Infantil.

A música en Ed Infantil resulta unha experiencia moi satisfactoria, xa que é unha maneira de introducir o gusto da mesma por parte do alumnado máis pequeno. Fixémolo a través de xogos, de cancións, de movemento e de baile. Ademais fixemos un achegamento aos distintos tipos de instrumentos de forma manipulativa e a través de xogos de discriminación auditiva. A resposta do alumnado foi moi boa, implicándose con moito interese nas actividades propostas.

1º e 2º de E. Primaria.

Introduciuse aos alumnos na nomenclatura convencional a través de diferentes xogos musicais, audicións e cancións. Por outra banda, empezáronse a explorar as posibilidades dos instrumentos de pequena percusión a través da manipulación, de distintas audicións e da iniciación á súa clasificación por familias. Tamén traballamos a expresión corporal a través de distintas coreografías e xogos de movemento.

En xeral, o alumnado de 1º e 2º curso presentou unha actitude moi positiva ante a asignatura, presentando gran interese e motivación, así como unha actuación participativa e cooperativa. Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

3º e 4º de E. Primaria.

Nestes cursos profundizouse no coñecemento de notas e figuras musicais, principalmente a través de exercicios e traballos de clase, e continuouse co desenvolvemento da interpretación corporal. Completouse o espazo con audicións activas de diversos estilos musicais e un pouco de interpretación vocal e instrumental.

Na aula de 4º, debido ás características do alumnado, e á necesidades de apoio educativo, contei cun apoio dentro da aula, que serviu de grande axuda para poder levar a cabo as actividades de xeito satisfactorio. De cara ao curso que vén será importante seguir contando con este apoio. Hai que destacar o ben que funcionou a clase de 4º este ano, pois ao estar a inmensa maioría de tempo as dúas mesmas mestras dentro da aula, o grupo está moito máis estable e funciona moitísimo mellor.

Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

5º e 6º de E. Primaria

A asignatura centrouse no desenvolvemento en máis profundidade da grafía convencional e os conceptos musicais, con interpretacións de distintas cancións acompañadas de distintos instrumentos. Ademais, co alumnado de 6º tamén nos centramos no estudo de diferentes estilos e agrupacións musicais, realizando traballos de investigación sobre propostas musicais ac-

tuais, concretamente sobre as mulleres na música galega, elaborando un guión de radio, e plasmando o seu resultado en Radio Petela, a nosa radio escolar.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelagos/?q=system/files/Programa%20Mulleres%20na%20m%C3%BAsica%20galega.mp3>

5º está formado por dúas clases, 5ºA e 5ºB.

Na aula de 5ºB, debido a necesidades de apoio educativo, contei tamén cun apoio moi importante dentro da aula en todas as sesións, que serviu de grande axuda e que sería importante seguir téndoa de cara ao ano que vén.

Sinalar tamén que o alumno con necesidades de apoio educativo de 5ºB, este ano está moito máis estable que o anterior, debido, entre outras cousas, a que ten a mesma persoa de referencia e de apoio durante case toda a xornada escolar, algo que o beneficia claramente, e que se debería conservar para o vindeiro curso.

Todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos propostos.

MATERIAIS

Utilizáronse fichas nas que se foron rexistrando todos os apuntes, partituras e exercicios propostos para a asignatura, unha carpeta para gardar ese material, e unha libreta de pautas. Utilizamos tamén os instrumentos escolares dispoñibles no centro (xilófonos, metalófonos, pequena percusión...), así como a fruta doce a partir de 3º.

Empregamos tamén para todos os cursos un proxector xunto co equipo de música e o ordenador, o que supuxo un recurso moi práctico e moi útil.

Este ano renovamos algúns instrumentos de pequena percusión que xa estaban deteriorados, e de cara ao curso que vén, conviría seguir renovando instrumentos.

Este ano continuamos coa aula virtual do cole, utilizándoa nos cursos de 3º, 4º e 6º, e resultou ser un recurso moi útil e valioso. A idea é seguir mellorándoa pouco a pouco e seguir traballando con ela. Como novidade, este curso iniciámonos en Edixgal con 5ºA e 5ºB. Foi o noso primeiro contacto con esta ferramenta, e puxémola en marcha. A experiencia foi boa, aínda que de cara ao vindeiro curso, o obxectivo é utilizala con máis frecuencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

En colaboración co grupo de actividades complementarias, e sempre dentro das actividades previstas para cada un dos cursos na programación, leváronse a cabo as seguintes actividades, que están subidas na páxina web do cole.

- **SAMAÍN**, traballando co alumnado de 1º de Primaria cales son os nosos medos e ilustrándoos. Ademais, os nenos e nenas de 3º curso, na clase de Plástica realizaron uns monstros moi aterrificos, e con todas estas creación, ilustramos a canción “Medomedá”, de Magín Blanco, pertencente ao álbum Xiqui xoque fiú fiú, de María Fumaça.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=system/files/KIZOA-Movie-Maker-go77lf5q.mp4>

- **MAGOSTO**: Nesta ocasión, animámosnos a compond e gravar a nosa propia cantiga do Magosto, na que a letra foi composta polo alumnado dos distintos cursos do cole, e a música pola nosa mestra. O resultado non quedou nada mal! Clica no enlace para escoitala: [Cantiga do Magosto](#)

- **NADAL**: Este ano recibimos o Nadal con moito entusiasmo, xa que volvimos retomar de novo, despois do parón obrigado polo Covid-19, unha das nosas tradicións preferidas, a de ir pedir o **aguinaldo** polas clases. Cada curso aprendeu unha panxoliña, e foi cantala a dúas clases diferentes, recibindo o correspondente aguinaldo en cada unha. Pasámolo xenial!

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=system/files/KIZOA-Movie-Maker-93071380%20Reducido.mp4>

Botamos en falta, debido á situación sanitaria, ir pedir o aguinaldo ao instituto, xa que era una actividade moi motivadora para o alumnado, e para o centro, e era una forma moi boa de relacionar as actividades coa nosa contorna, pero esperamos poder retomala para o vindeiro curso.

- **DÍA DA PAZ**: este ano, para celebrar o Día da Paz, gravamos unha canción, neste caso unha composición de Chus Domínguez, que leva por título **ONDE REINA A PAZ**. Sobre unha base instrumental de guitarra, acordeón, ukelele e contrabaixo, fomos gravando as nosas propias voces. Unha vez rematado o audio, distribuímos as estrofas polos diferentes cursos, e planificamos como a podíamos plasmar en vídeo.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelolos/?q=system/files/Onde%20reina%20a%20Opaz%20v%C3%ADdeo.mp4>

- **DÍA DE ROSALÍA**: para celebrar este día, desde a aula de música, co alumnado de 2º aprendemos a canción “Maio longo”, con letra de Rosalía de Castro e música de Uxía.
- **FESTA DOS MAIOS**: Para celebrar a chegada da primavera, como cada ano, celebramos a nosa tradicional, na que todo o cole participa traendo material para elaborar o Maio: Infantil e 1º flores, 2º e 3º ovos, 4º laraxas e limóns, e 5º e 6º fiúncho, e participando na elaboración do Maio. Ademais, cada clase prepara coa súa titora as súas coplas, que

logo ensaian na clase de Música, para logo cantalas o día da Festa dos Maios, que se celebra no patio do cole.

Este ano volvemos contar tamén coa participación do profesorado e das familias.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelagos/?q=node/515>

HIMNO DA NOSA ESCOLA: Este ano creamos o Himno da nosa escola, con música da mestra de música, e letra composta polo alumnado de 6º de Primaria. O alumnado voluntario de 3º a 6º curso estivo ensaiando moito este himno durante os recreos dalgúns luns para estrealo nun acontecemento moi importante para a nosa escola: A REAPERTURA DA BIBLIOTECA! E por fin chegou o día! O 2 de xuño foi a gran estrea, e pasámolo moi ben.

E os días 8 e 9 de xuño, veu ao cole un técnico de son para gravar o noso himno cantado por todo o alumnado. Foron dous días estupendos e unha experiencia marabillosa.

AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

A avaliación xeral que fago deste curso é moi positiva, pois todo o alumnado do centro acadou os obxectivos mínimos propostos, e a inmensa maioría amosou unha actitude positiva cara a materia. Ademais foi un curso moi creativo, no que creamos as nosas propias cancións en varias ocasións, ademais de vivir a experiencia de crear o noso propio Himno da escola, e de ter a oportunidade de gravalo cun profesional, coñecendo así de primeira man como é o proceso de gravación dun disco, Destaco positivamente a continuación da utilización da aula virtual, e a posta en marcha do programa E-dixgal.

A idea é, de cara ao curso que vén, gravar un vídeo para que acompañe ao Himno da nosa escola.

Como propostas de mellora, teremos que seguir renovando instrumentos musicais, pois si-gue habendo algúns en mal estado.

12. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de Dinamización da Lingua Galega, como tiña previsto no proxecto inicial, reuniuse mensualmente, para programar, elaborar proxectos, desenvolver os programas e actividades xa iniciadas no curso anterior e dar a coñecer as novas. Asemade, desenvolver actividades en colaboración co concello, coa ANPA e coas familias do centro.

Todo este traballo seguiu condicionado polas medidas tomadas por mor da pandemia. A meirande parte das actividades propostas foron desenvolvidas, unicamente tivemos que rediseñar aquelas que requerían de grande concentración de persoas, tales como (desfile de comparsas, festa das letras galegas, os maíos, festa de fin de curso). Tratamos de volver á normalidade aínda que non podemos convidar ás familias cando a actividade tiña lugar nun recinto pechado.

Ademais os membros de EDLG mantivemos reunións periódicas con todo o claustro de profesores para organizar e planificar aquelas actividades que inda sendo propostas polo equipo afectaban a tódolos membros do centro e especialmente cos representantes das actividades complementarias e de biblioteca cos que, como no curso pasado, programamos e organizamos diferentes actividades en común.

Durante o mes de xaneiro preparouse a tramitación do “Proxecto de fomento de uso do galego” que foi remitido ao Servizo de Política Lingüística a finais de xaneiro.

A primeiros de xuño confirmouse a aprobación do proxecto por parte da Consellería de Educación, sendo a cantidade aprobada de 416 euros.

ACTIVIDADES

O EDLG xunto con todo o claustro, ANPA, familias e o Concello de Mos, desenvolveron as seguintes actividades que teñen como obxectivo fundamental seguir normalizando a lingua a través do exemplo diario, tanto nas conversas co alumnado, como cos pais e nais , así como con aquelas persoas que se achegaron ao centro, en resume que a nosa lingua sexa empregada cada día máis e mellor.

Todo o proxecto tivo como fío condutor o desenvolvemento de todas aquelas actividades que nos veñen suxeridas dentro do calendario escolar e promocionando ao mesmo tempo aquelas que vimos que por arraigo no noso centro, xa gozan dunha aceptación; quixemos ao mesmo tempo, neste curso seguir dando a coñecer, ao alumnado e ás familias, as parroquias do noso concello, nun proxecto que chamamos “**Descubri-Mos con Petela**” e que levamos desenvolvido nestes dous cursos.

“Descubri-Mos con Petela”.

Durante todo o curso fomos elaborando, coa colaboración de todos os membros da comunidade, e especialmente do equipo de biblioteca e de actividades complementarias, a preparación e presentación das diferentes parroquias.

Se no curso pasado foron estudadas as parroquias das que vén alumnado ao colexio (Petelos, Tameiga, Torroso), neste fixémoslo con aquelas que están máis afastadas.

- No primeiro trimestre fixemos o mural e díptico sobre “Dornelas”.
- En febreiro, fixemos o mural e díptico sobre a parroquia de Mos.
- En marzo, fixemos o mural e díptico sobre Sanguñeda.
- En maio e xuño, realizáronse os murais e dípticos sobre Guizán, Pereiras, Louredo

e Cela.

Damos así por rematado este proxecto de descubrimento das parroquias do noso concello.

As outras actividades aquí reflectidas son aquelas que se programaran ao inicio de curso, e como de todos é sabido, tiveron que ser adaptadas polo comentado anteriormente.

<ul style="list-style-type: none">- Actividades relacionadas co tema “Descubri-Mos con Petela”.- Creación de códigos Qr para proporcionar información á comunidade educativa sobre diferentes actividades do Centro.- Actividades nas aulas por Halloween/Samaín.- Decoración vestíbulo centro “Samaín- Magosto”.- Boletín “A Fala”: O magosto/Samaín.- Concurso “castaña máis grande, castaña máis pequena”.- Elaboración de portacastañas.- Boletíns “A Fala” sobre Dorne-	<ul style="list-style-type: none">- Proxectos en Infantil.- Así son eu..- Bo camiño.- “A maleta viaxeira”. - Letras galegas: Traballo interactivo a través da web do “seminario Galán”, “Primavera das letras” sobre a persoa e obra de Florencio Delgado Gurriarán. Exposición de cartaces sobre o autor. Boletín “A Fala” sobre F. D. Gurriarán. Recitado de poesía nas aulas. Revista dixital “As novas do Perral”.
---	---

<p>las/Mos/Sanguiñeda/Guizán/ Pereiras/Louredo/Cela.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Campionato de chapas. - Cantiga do Magosto - Campaña de animación á lectura: “Polo Nadal un libro a regalar”. - O Nadal: <ul style="list-style-type: none"> - Decoración do vestíbulo. - Cantos de Aguinaldo. - Recollida de cartas polos paxes. - A Paz: Canción: “ Onde reina a paz”, de Chus Domínguez. - O Entroido. <ul style="list-style-type: none"> - Ambientación musical en galego á entrada do colexio. - Radio Petela. Diversos programas sobre as conmemoracións ou festas escolares, traballos de aula.... 	<p>Programa de Radio sobre F. D. Gurriarán.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Visita de varias escritoras. - Campionato de bólas. - Programa “Almorzos saudables”. - Utilización de materiais didácticos para a lectoescritura. - Elaboración de materiais didácticos para a atención á diversidade. - Actualización da Páxina Web do centro. - Conmemoracións e celebracións dentro do Centro : (Paz, charlas igualdade, día do libro...). - Maios: Preparación de cantigas, ensaios e elaboración do Maio entre todos. Celebración do maio no patio do colexio. Festa de fin de curso.
--	---

Tentamos desenvolver todas as actividades propostas no proxecto inicial tendo en conta as medidas COVID. Non puidemos desenvolver: "Canto de aguinaldo no instituto". O desfile de entroido no centro, cambiouse por un pasarrúas ata a capela de San Mauro e a festa de fin de curso fixémosla só para o alumnado.

13. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Esta memoria fai referencia ás actividades complementarias

O equipo quedou formalmente constituído no mes de setembro. Os seus membros son: Sandra Campos (coordinadora), Yolanda Pereira, Ana M^a Álvarez, Susana Vázquez e Alicia Castro .Ao longo do curso tivemos diversas reunións para planificar o noso traballo.

Este curso 2021/2022 decidiuse, xunto co Equipo de Dinamización da Lingua galega e o Equipo de biblioteca,rematar o proxecto iniciado o curso 19/20: “DescubriMOS con Petela”. Neste curso traballáronse as parroquias de:

- Mos
- Sanguñeda
- Dornelas
- Louredo
- Pereiras
- Guizán
- Cela

En canto ás celebracións, conmemoracións e saídas realizadas ao longo do curso escolar, cómpre mencionar.

CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS

O outono

Decoración do vestíbulo coa colaboración da mestra de música (canción e parte da partitura “O outono de Vivaldi”)

Aportación para o mural por parte das aulas, de follas recollidas no patio.

O Samaín

Ambientación de Samaín,engadida á decoración de outono do vestíbulo

Decoración das portas de cada aula

Cabazas decoradas polos nenos/as nas súas casas . Exposición no vestíbulo.

O Magosto

No mes de novembro celebramos o Magosto facendo varias fogueiras no patio nas que asamos castañas que degustamos posteriormente divididos por zonas. Ademais os portacastañas que trouxeron da casa expuxéronse no vestíbulo.

O día do magosto fixéronse xogos populares.

Por parte da mestra de música preparouse a canción “Cantiga do Magosto” coa participación dos nenos/as. e soou pola megafonía do cole durante esa semana.

Día Internacional contra a violencia de xénero

Os nenos de infantil e primaria (de 1º a 5º) desprazáronse ao Multiusos. Conto “Non máis princesas”.

O Nadal

Decoración de inverno-Nadal no vestíbulo

Decorouse a árbore de Nadal con corazóns elaborados con material de refugallo polos nenos/as nas súas casas .

O Entroido

Decorouse o vestíbulo con ambientación desta temática e elaboración de máscaras feitas nas distintas aulas.

As ordes do Meco estiveron relacionadas coa temática do Xacobeo e o Camiño de Santiago.

As fotos dos nenos/as disfrazados coas ordes do Meco expuxéronse nas cortizas da planta baixa.

O venres, día da celebración de Entroido, fixemos un desfile pola contorna do colexio .(Con temática ralacionada co Camiño de Santiago e temática libre).

Primavera

Decoración do panel do vestíbulo con temática de primavera e coa aportación por parte dos nenos/as de paxaros de papiroflexia elaborados nas súas casas.

Engadiuse un debuxo relacionado coa guerra de Ucraia. Cada curso aportou unha pompa decorada e cunha frase alusiva á paz ,solidariedade e tolerancia.

Celebración dos Maios

Cada clase preparou unha cantiga coa mestra de música.

Cantáronse os maios en conxunto no patio do colexio, sen presenza dos pais/nais.

Ademais entre todos elaboraron adornos para decorar o maio que estivo exposto na entrada do colexio.

Día de Europa

Traballouse en cada clase.

Día das Letras Galegas

Este ano cada clase realizou distintas actividades referidas ó autor homenaxeado, Florencio D. Gurriarán, e preparouse a revista coas aportacións de cada aula.

Día do Medio Ambiente

Mural na entrada do vestíbulo co lema deste ano: "Unha soa Terra".

Cada curso traballou o tema na súa aula.

Fin de curso

Festival de fin de curso no Multiusos , sen presenza de pais/nais.

SAÍDAS

Debido as especiais circunstancias deste curso, fixéronse saídas , sobre todo no terceiro trimestre.

Saídas pola contorna.

Visitas e charlas ofrecidas polo concello.

Saídas asociadas aos proxectos "Vexo, vexo Xacobeo " e "PDC-Xogade".

Contacontos, concertos...

Saídas organizadas polas aulas.

AVALIACIÓN

A avaliación deste curso académico (2021-22) considérase positiva, tendo en conta as limitacións que houbo en cuanto a saídas ao principio de curso; recuperándose un pouco unha relativa “normalidade”, sobre todo no terceiro trimestre.

Cabe destacar a colaboración inestimable de todo o profesorado que participou na preparación das actividades e na decoración do centro. Agradecemento ás mestras Paula Rodríguez Pérez e Paula Vázquez pola súa colaboración.

14. EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE

O Equipo de Convivencia e Igualdade estivo formado polos seguintes integrantes durante o curso 2021-22:

- Leticia Blanco Collazo (Ed. Física/Dirección do centro)
- Iria Cuevas Rodríguez (1º Ed. Primaria/Coordinación equipo)
- Rosa Novoa Gallego (Relixión)
- Celsa Pérez Fernández (Orientación)
- Suso Rodríguez Amil (5º Ed. Primaria)
- Paula Vázquez Gómez (Pedagogía Terapéutica)

O Plan de Traballo seguido polo Equipo de Convivencia e Igualdade ao longo do curso escolar 2021-22 estivo baseado na consecución dos seguintes obxectivos:

1. Traballar no Plan de Mellora da Convivencia e Igualdade adaptándoo ás necesidades máis destacadas do centro e seguindo a liña de traballo adoptada ata o momento, incorporando ao mesmo tempo novas estratexias pedagóxicas que axuden a dar resposta ás mesmas.
2. Traballar a liña temática do proxecto de centro Descubri”Mos” con Petela, iniciado o curso pasado, incidindo na importancia da valoración e coidado do patrimonio cultural de cada lugar e concretamente do municipio de Mos.

- 3.** Concienciar aos nosos alumnos/as da importancia do cumprimento do protocolo pola Covid-19 actuando con responsabilidade polo ben propio e polo dos demais, promovendo así a solidariedade e a empatía.
- 4.** Promover a importancia das habilidades sociais baseadas nos valores de respecto aos dereitos dos demais e ás súas peculiaridades propias como medio para acadar unha boa convivencia.
- 5.** Propiciar a resolución pacífica de conflitos por medio do diálogo, o respecto, a tolerancia, a comprensión e a escoita.
- 6.** Potenciar actitudes como o esforzo, a motivación e a superación como medios fundamentais para acadar o éxito escolar así como calquera obxectivo que nos propoñamos.
- 7.** Levar a cabo distintas actividades adaptadas ao protocolo Covid-19 de modo que a cooperación, o respecto e o traballo en equipo sexan valorados como medios imprescindibles para acadar unha boa convivencia no noso centro educativo.
- 8.** Promover a igualdade e o respecto entre home e muller coma un valor fundamental na sociedade actual para previr situacións de desfavorecemento e de violencia de xénero.
- 9.** Destacar a importancia do acadamento da Paz no mundo así como a posibilidade de colaborar con dito obxectivo con pequenas accións da vida cotiá que se sustenten na xenerosidade, a solidariedade, a empatía e o respecto para cos demais.

As actividades realizadas para acadar os obxectivos anteriormente citados foron as seguintes:

- Con motivo da celebración do Día da Violencia de Xénero cada aula decorou unha árbore para colocar na súa porta o día 25 de novembro. Cada árbore foi decorada con palabras positivas (amor, apoio, paz...) e negativas (golpe, dor, medo...) referentes á temática da violencia de xénero. O día 25 de novembro colocáronse as árbores nas portas. Estas foron observadas e comentadas polos distintos grupos de alumnado do noso centro para levar á reflexión sobre a gran problemática da violencia de xénero e de cómo podemos colaborar entre todos para rematar con ela. Ao mesmo tempo fixéronse visitas á exposición de libros sobre igualdade no recuncho de lectura. Dita actividade foi organizada en colaboración co Equipo de Biblioteca.

- O Día da Paz 2022 foi celebrado no noso cole con distintas actividades. Entre elas destaca a colocación da Árbore da Paz con pombas e símbolos da Paz confeccionados polo alumnado de cada aula. Xunto a árbore colocouse un mural adicado á paz con mensaxes de desexos de paz elaborados tamén polo noso alumnado. O Día da Paz 2022 foi celebrado no noso centro educativo o venres 28 de xaneiro. Dito día emitíuse un programa de radio especial pola paz en Radio Petela protagonizado polo alumnado do 1º curso de Educación Primaria. Tras a emisión do programa o alumnado das distintas aulas cantou e bailou con xestos a canción “Todos somos capitáns” de Magín Blanco. Para rematar, nas aulas visualizouse unha proxección adicada á paz con imaxes dos nosos alumnos/as e coa canción de fondo “Onde reina a Paz” composta pola mestra de Música, Raquel Domínguez, quen se encargou de gravar e facer a montaxe completa de dita proxección. En colaboración co Equipo de Biblioteca montouse unha exposición de libros de temáticas relacionadas coa paz no recuncho de lectura que foi visitada por quendas polo alumnado do noso centro educativo ao longo de toda a Semana da Paz 2022.
- Levouse a cabo o traballo de diversas normas de convivencia nas aulas así como as do protocolo da Covid-19 a través de materiais proporcionados aos titores (unidades didácticas, contos, carteis, proxeccións, debuxos...).
- Con motivo das celebracións do Día da Muller traballadora, Día da Muller e a Nena na Ciencia e o Día de Rosalía de Castro, organizáronse unha serie de actividades xunto co Equipo de Biblioteca do noso centro para traballar estas temáticas. Cada aula escolleu unha muller destacada no mundo da cultura e fixo un traballo de investigación sobre ela. Finalmente estes traballos foron expostos e compartidos con todo o alumnado. Deste xeito promovemos e levamos á reflexión sobre a importancia do papel da muller na nosa sociedade ao longo da historia, destacando especialmente a súa validez intelectual e cultural. Ao mesmo tempo traballamos o valor da igualdade entre mulleres e homes.
- Con motivo da celebración do Día do Autismo e en colaboración co Equipo de Orientación propúxose a visualización da curtametraxe "Vuela" nas distintas aulas para levar á reflexión sobre dita problemática e sobre a importancia de respectar as peculiaridades de cada persoa.
- Leváronse a cabo actividades que promoveron o coñecemento da contorna dentro do proxecto Descubri"Mos" con Petela de modo que se fomentou a valoración e a importancia do coidado e mantemento do patrimonio cultural en xeral e, concretamente, de Mos.

15. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 31/07/98), refírese no artigo 15º.2 á memoria do Departamento de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador/a e determina que deberá recoller:

- a) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- b) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- c) Propostas concretas de mellora.

Así, dando cumprimento ao prescrito, este Departamento presenta a avaliación-memoria do presente curso que foi elaborada a partir do establecido no Plan de Orientación co obxecto de constatar a realidade das actuacións desenvolvidas e os aspectos sobre os que será necesario incidir no próximo curso.

1. Catalogación, Constitución, horario:

Catalogación: O CEIP de Petelos conta con Departamento de Orientación compartido co CEIP Feliciano Barrera de Pontearreas. O centro base é o CEIP FELICIANO BARRERA de Pontearreas. O centro adscrito é o IES de Mos, xunto cos demais CEIP da Zona.

Constitución: O día 8 de Setembro do 2021, procedeuse á constitución do Departamento de Orientación segundo sinala o artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. O Departamento de Orientación queda constituído polos seguintes membros:

- Celsa Pérez Fernández, xefa do Departamento de Orientación.
- María Jesús Navarta Pardo, mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Diana Pérez Soto mestra especialista en Audición e Linguaxe(Itinerante).
- Paula Rodríguez Pérez mestra especialista de Audición e linguaxe en horario total para aula de 5º B EP.
- Paula Vázquez Gómez mestra especialista de Pedagogía Terapéutica en horario total para aula de 4º EP.
- Paula Rodríguez Prado, coordinadora de Educación Infantil.
- Iria Cuevas Rodríguez, titora de 1º de EP.

- M^a Ángeles Collazo Fidalgo, titora de 2^o de EP.
- Ana María Álvarez Rocha Titora de 3^o EP
- Estefanía Crespo Estévez Titora de 4^o de EP.
- Jesús Rodríguez Amil, titor de 5^o B e coordinador de nivel.
- Susana Vázquez Bouza, titora de 6^o EP.
- Leticia Blanco Collazo, Directora.
- María Iglesias Domínguez, Xefa de Estudos.

Horario: A xefa do Departamento de Orientación dedicou a este centro dous días á semana, (mércores e xoves en horario de 09:15 h a 14:15 h e o último martes de cada mes todo o día en horario de mañá e tarde).

As actuacións do departamento desenvóléronse nos seguintes ámbitos:

A. Orientación para a organización e funcionamento do centro:

- Mantivéronse reunións de coordinación con distintos centros e institucións externos.
 - Departamento de Orientación do IES de Mos, ao que estamos adscritos para axudar ao alumnado no momento de transición ao Instituto e posterior información aos membros do Departamento de Orientación e ao Equipo Directivo.
 - Servizos Externos ao Centro. Reunións con diferentes Psicólogos/as de Gabinetes psicopedagóxicos que atenden a alumnado deste centro.
 - Coordinación para facer seguimento de alumnos do centro usuarios/as dos Servizos Sociais do Concello.
 - Coordinación multidisciplinar con Aldeas Infantís, Gabinetes externos, Servizos Sociais e profesorado do centro para facer o seguimento de tres alumnos de Educación Infantil e un alumno de 5^o de Educación Primaria.
 - Equipo de Orientación Específico: Mantívose contacto co especialista en Trastornos de Conduta por un neno escolarizado en 5^o de educación primaria.
- Colaborouse nas revisións periódicas do PE e PXA.
- Seguimos o "Procedemento para a Atención á diversidade", no que se recollen os pasos a seguir para solicitar as demandas de intervención.
- Elaboráronse o Plan de Orientación, o Plan Anual de Actividades e a Memoria Final do Departamento de Orientación. Revisouse o Plan de Atención á Diversidade.
- Introducíronse os datos do DRDADI e DRDOrienta.

1. Puxéronse en marcha as propostas de mellora indicadas o curso pasado. En concreto:

- Comunicouse aos titores coa maior brevidade posible os datos referidos ao alumnado que afecten a súa situación persoal e escolar.
- Continuouse co rexistro de entradas e saídas de tódolos documentos do Departamento de Orientación: informes que trae a familia, informes ou documentos elaborados polo propio Departamento de Orientación e que son entregados ás familias, solicitudes de valoración dos titores ao Departamento de Orientación, información de becas (solicitudes, denegacións, aprobacións, informes que os acompañan, outros).
- Realización de informes para os servizos de saúde.
- Solicitouse ás familias informes externos: médicos, gabinetes privados.
- Recolleuse por escrito as entrevistas familiares.

2. Continuación co libro de actas do Departamento de Orientación.

B. Orientación e colaboración co profesorado:

- Mantivéronse reunións semanais de coordinación coas mestras especialistas en PT e AL, nas que se realizou o seguimento do alumnado con NEAE, pero non foi posible unha coordinación axeitada coas mestras en horario exclusivo o alumno de 4º Ep e 5º Ep, xa que estas reunións realizábanse en gardas recreos ou mesmo polos corredores, para poder ter información do alumnado que estaban a atender.
- En colaboración coas mestras especialistas en PT e AL elaboráronse e reelaboráronse os horarios de apoio ao alumnado que atenden.
- Colaborouse na detección das necesidades educativas especiais do alumnado e no tratamento das mesmas.
- Asistencia ás sesións de avaliación e toma de decisións cara aos seguintes trimestres e próximo curso.
- Realización de reunións cos titores que demandan unha avaliación psicopedagóxica para recoller información e informar dos resultados.
- No 3º trimestre levouse a cabo unha visita dos nenos e nenas de 6º EP o IES adscrito coa finalidade de facilitar a acollida deste alumnado o vindeiro curso.

Orientación ao alumnado:

- Coordinouse, coa mestra especialista en Pedagogía Terapéutica e coa mestra especialista en Audición e Linguaxe itinerante, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, pero as outras dúas persoas que pertencen o DO tivo que ser de xeito que non se realizaba tódalas semanas é sempre buscando ocos de gardas, recreos ou mesmo no corredor.

- Levouse a cabo a preparación de acceso á ESO do alumnado de 6º de Educación Primaria.
- Realizáronse as avaliacións diagnósticas dos alumnos e alumnas demandadas polas familias e titores, ademais de revisar os xa existentes:

EDUCACIÓN INFANTIL:

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO
4º EI	2.-PT(Atraso na linguaxe) 2.- AL1- ATRASO XENERALIZADO NA LINGUAXE E COMUNICACIÓN+DISLALIAS
5º EI	3.-Pt(Dif. de aprendizaxe) 5 .- AL1- ATRASO XENERALIZADO NA LINGUAXE E COMUNICACIÓN+DISLALIAS E DISLALIAS EVOLUTIVAS
6º EI	4.- Pt (TEA- TEL, TEA-ASPERGER) 8.-AL1- TEA-TEL, TEA-ASPERGER, DISLALIAS

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º EP	4.-PT (TDAH, Dificultades de aprendizaxe) 4.-AL1: DISLALIAS FUNCIONAIS
2ºEP	3.-PT(1.-TEA- ASPERGER con TDAH e dislexia) 2 CON DIF. DE APRENDIZAXE E LECTOESCRITURA 2.-AL1: DISLALIA FUNCIONAL, DIF. LECTOESCRITURA
3ºEP	7.-PT(1 TDA, AACC, DIF. APRENDIZAJE)
4ºEP	1.-PT2:TEA 1.-PT1- Dif. APRENDIZAxE, AACC, TDAH- TOC 1.-AL2: DIFICULTADES DE LECTOESCRITURA.
5ºA -EP	7.PT1 – DISORTOGRAFÍA, TEL, TDAH CON DISCAPACIDADE, TEA-ASPERGER CON TDA, DIFICULTADES APRENDIZAXE
5º – B - EP	1.-AL2: TDAH-TOC-TRASTORNO DEL VÍNCULO-NEGATIVISTA

	DESAFIANTE
6º EP	0

Orientación ás familias:

- Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado ao que se lle realizou unha avaliación psicopedagóxica, e unha vez rematado o informe, informóuselles sobre os resultados e o consello orientador.
- Individualmente, nos casos que se valorou oportuno, mantivéronse entrevistas titor-orientadora coa familia para tratar cuestións concretas relacionadas coa educación dos nenos e nenas.
- Individualmente, nos casos que o precisaron, informóuselle tamén sobre determinadas características dos seus fillos e fillas, ofrecéronse pautas concretas de actuación e orientáronse no uso de recursos e servizos do contorno (Asistencia Social do Concello) que deben complementala acción educativa desenvolvida no centro.
- Informouse sobre a solicitude de axudas ao alumnado con NEAE, elaboráronse os informes do Departamento de Orientación que acompañan ás solicitudes e tramitouse a súa solicitude en Inspección Educativa.

Dificultades atopadas por parte da Orientadora:

A principal dificultade durante este curso foi a rotación de ata sete persoas no DO.

A itinerancia, que non permite realizar un traballo continuado na semana, xa que é un centro que presenta numerosos casos para ser atendidos.

O nivel de traballo de ambos centros requiren maior horario de dedicación para facer intervencións eficaces.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Priorizar a realización de informes psicopedagóxicos, realizáronse moitos INFORMES para os servizos de saúde.
- Establecer un calendario previsible de reunións cos distintos organismos, para poder xestionar a axenda e o tempo estimado de duración, cunha marxe mínima e máxima.
- A información recollida das entrevistas coas familias do alumnado deberá quedar recollida por escrito e asinada por ambas partes.
- Mercar outras probas que se consideren oportunas para traballar co alumnado que o precise e non as teñamos no Departamento de Orientación.

- Ter unha impresora no DO, para non estar baixando a imprimir cada vez que se realice un documento.
- Reunións onde se coincida en horario todos os membros do DO.
- Revisión detallada dos expedientes do alumnado de cara o vindeiro curso.
- Seguimento detallado do alumnado nunha base de datos, para evitar a falta de información ó chegar unha nova persoa. Aínda que o DO conta cunha Pt definitiva no centro, sería aconsellable tamén dispor desta base de datos, para realizar un seguimento detallado.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Neste curso 2021/2022 no centro contouse con dúas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica, unha atendía ao alumnado de todo o centro e outra dedicábase a atención preferente dun alumno de 4º de primaria.

Leváronse a cabo diversos apoios, tanto dentro como fóra da aula ordinaria, atendendo as características, posibilidades e dificultades de cada alumno.

A atención a estes alumnos con n.e.a.e (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) debería darse unha vez feita unha avaliación pola orientadora, quen determina a necesidade de derivalo á especialista de PT. Despois, dita especialista fai unha avaliación inicial pormenorizada co fin de elaborar un programa de intervención adaptado a cada alumno e segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade.

1.- Atención a todo o alumnado.

Recibiron apoio de Pedagogía Terapéutica un total de 34 alumnos. As sesións semanais variaron en función das dificultades de cada alumno e da idade na que se atopa.

-Educación Infantil:

-4º EI: 2 alumnos

-5º EI: 3 alumnos

-6º EI: 4 alumnos

-Educación Primaria:

- 1º curso: 4 alumnos

- 2º curso: 3 alumnos

- 3º curso: 7 alumnos

- 4º curso: 1 alumno

- 5º A curso: 7 alumnos

- 5º B curso: 3 alumnos.

Dificultades atopadas neste centro:

- Trastornos del neurodesenvolvemento.
- Dislexia e/ou trastornos da aprendizaxe.
- Discalculia.
- TDAH
- TEA/ Asperger

2.-Valoración da coordinación co profesorado titor e cos profesionais externos ao centro educativo.

A coordinación cos diferentes titores foi periódica, tendo reunións trimestrales en cada avaliación, así como reunións cos gabinetes externos dos alumnos que asisten a eles. Tamén resaltar a coordinación estreita co SAT (Servicio de Atención Temperá do Concello de Mos).

3.-Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado .

As actividades de reforzo levadas a cabo estiveron encamiñadas a mellorar aspectos como:

- As función executivas: atención, concentración, memoria e planificación.
- A adquisición e mellora da lecto-escritura.
- Expresión e comprensión oral.
- Expresión e comprensión escrita.
- Motricidade grosa e fina.
- As operacións matemáticas básicas así como a resolución de problemas.
- Hábitos de estudo e traballo diario.
- Habilidades sociais para mellorar as interaccións cos compañeiros.

A valoración foi positiva, pois na avaliación final os resultados mostraron avances significativos co respecto a avaliación inicial.

4.- Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora

Partindo da base que a maioría dos trastornos do neurodesenvolvemento son evolutivos, consideramos necesario que sigan traballando con apoio tanto dentro como fóra da aula ordinaria, polo tanto, en setembro do 2022, farase unha valoración das necesidades educativas para establecer unha resposta pedagóxica axeitada. Hai que salientar que a evolución da maioría dos alumnos foi positiva.

1. Atención preferente.

Por outra banda, realizouse unha intervención específica de atención preferente ao alumno de 4º de primaria que presenta NEAE, en concreto NEE.

A miña intervención levouse a cabo sempre dentro da aula, podendo ofrecer o meu apoio tamén ó resto do alumnado do grupo. A miña atención estivo sempre coordinada ca mestra titora e especialistas buscando a maior inclusión deste alumno no grupo.

A metodoloxía que se empregou foi a metodoloxía DUA: deseño universal da aprendizaxe. Con esta premisa o alumno traballou os mesmos contidos (agás no caso dos eliminados na AC) e fixo as mesmas actividades co resto das súas compañeiras e compañeiros, adaptándoos no caso de que fose preciso. Outra metodoloxía que se empregou foi o traballo cooperativo e leváronse a cabo actividades motivadoras e dinámicas para favorecer a súa atención e interese.

Por outra banda para traballar o control da conduta foi importante transmitir as normas de clase e ser esixente co seu cumprimento e empregouse no primeiro e segundo trimestre a economía de fichas.

Para que esta intervención resultase efectiva foi imprescindible a coordinación coa titora realizando unha reunión semanal.

AUDICIÓN E LINGUAXE

As intervencións directas co alumnado que recibe atención por parte da mestra de Audición e Linguaxe no curso 2021-2022 iniciáronse no mes de outubro, xa que ao longo do mes de setembro realizáronse as seguinte tarefas:

- Avaliación inicial do alumnado con NEAE que xa recibira atención de AL o curso anterior.
- Avaliación do novo alumnado con NEAE no ámbito da comunicación e da linguaxe propostos pola anterior especialista, pola xefa do DO ou polos mestres titores.
- Confección do horario.
- Elaboración da Programación Xeral do curso e dos Programas de intervención Individualizados.

- Ademais do alumnado atendido, leváronse a cabo 8 valoracións de necesidades específicas da linguaxe oral que por diferentes motivos non puideron ser atendidas. Quedaron pendentes de avaliar por falta de tempo dous alumnos de 5ºEI, que presentan dislalias evolutivas das que debería observarse a evolución no vindeiro curso.

Durante este curso recibiron atención de AL un total de 22 alumnos e alumnas, dende 4º de Educación Infantil ata 4º de Educación Primaria. Para poder ofrecer atención directa a todos eles foi necesario realizar agrupamentos en función das alteracións presentadas.

Dos 22 alumnos atendidos recibiu a alta 1 nena. Outros quedan pendentes para posible alta segundo sexa a evolución no verán, avaliándose ó comezo do seguinte curso.

As actuacións co alumnado foron temporalizadas e axustadas ás necesidades dos alumnos/as, sufrindo modificacións ó longo do curso segundo a progresión ou aparición de necesidades educativas dos alumnos/as. Ademais o horario de atención foise modificando ao longo dos trimestres en función das altas e dos novos casos presentados. Dentro deste horario dedicouse outra das sesións semanais para a coordinación coa Orientadora e a especialista de PT, coa finalidade de levar a cabo un seguimento rigoroso do alumnado atendido dende o DO e establecer as coordinacións pertinentes nas intervencións individuais.

Os alumnos/as que recibiron apoio específico por parte da mestra de AL presentaban dificultades nun ou en varios destes ámbitos: comunicación, fala, comprensión e expresión da linguaxe oral e da linguaxe escrita (compoñentes fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático).

A distribución por cursos deste alumnado foi a seguinte:

4º Educación Infantil:

- 2 alumnos

5º Educación Infantil:

- 5 alumnos

6º Educación Infantil:

- 8 alumnos

1º Educación Primaria:

- 4 alumnos

2º Educación Primaria:

- 2 alumnos

4º Educación Primaria:

- 1 alumno

Ó final do curso elaboráronse informes de todo o alumnado atendido para deixar constancia do traballo realizado ao longo do curso, dos avances dos nenos/as, os obxectivos acadados, os contidos traballados e as propostas de actuación cara o vindeiro curso.

Así mesmo elaborouse unha previsión de alumnado para o curso 2022-2023.

En canto a consecución dos **obxectivos** propostos, cabe dicir que a nivel xeral foron satisfactorios na súa gran maioría. A maioría dos alumnos/as amosaron unha evolución positiva na superación das súas dificultades.

Procurouse que as **actividades** que se levaron a cabo fosen variadas, manipulativas e motivadoras, adaptadas as características persoais, aos intereses e ás necesidades de cada caso.

A **metodoloxía** empregada baseouse nos principios da aprendizaxe significativa, activa e personalizada, partindo do nivel de desenvolvemento de cada neno/a. Empregáronse recursos motivadores, xogos, cambio frecuente de tarefas, creación dun clima agradable no grupo, valoración positiva do esforzo, reforzo da autoestima e das aprendizaxes adquiridas. As TIC tamén foron un recurso moi motivador para o alumnado.

Ademais facilitouse na medida do posible a coordinación cos titores e titoras correspondentes.

CONCLUSIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

De cara ao vindeiro curso sería recomendable realizar tanto unha avaliación inicial para decidir posibles altas, coma un seguimento, en colaboración cos titores, dos nenos/as que foron atendidos este ano e dados de alta, para asegurarse de que se manteñen os avances, ou se pola contra houbo retrocesos, por se fose necesario volver a atendelos.

Tamén sería moi recomendable a implantación da metodoloxía DUA e un programa de patios inclusivos no primeiro nivel de primaria para favorecer a transición e adaptación do alumnado TEA á nova etapa educativa e tódolos cambios que esta implica.

ARCO

O programa ARCO orientado á aprendizaxe, reforzo das competencias e orientación comezou no centro a finais do mes de novembro do 2021. Este programa levouse a cabo nos cursos de 4º e 5º . A metodoloxía empregada foi a acordada co profesorado titor ó inicio de curso, de tipo activa, dinámica e participativa. Dacordo co decidido por cada profesor titor, o alumnado recibiu o apoio dentro ou fóra da aula.

O alumnado de 4º que participou no programa ARCO foron 6 alumnos (completando o terzo do alumnado que podía acceder a dito programa), o traballo con este alumnado levouse a cabo dentro da aula, nas materias instrumentais (Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá), un total de 6 sesións semanais.

En 5ºA de primaria traballouse con 4 alumnos, dentro da aula nas materias instrumentais (Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá), ao longo de 4 sesións semanais.

En termos xerais, o programa ARCO axudou a reforzar aqueles elementos que poderían ocasionar unha dificultade ou bloqueo do proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

16. BIBLIOTECA

O noso centro, CEIP de Petelos , incorporouse ao Plan de mellora de bibliotecas escolares no curso 2019/20. Como centro PLAMBE o equipo de biblioteca elabora unha memoria de actividades e unhas liñas prioritarias de actuación para envíala como memoria do Plambe á Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.

● **Actividades desenvolvidas na BE no curso 2021- 2022**

*Día das Bibliotecas Escolares , 24 de outubro.

O lema deste ano “Bibliotecas: ler, aprender, descubrir”centrouse en destacar o papel das bibliotecas de diferente tipoloxía como espazos libres, diversos e abertos para o acceso á cultura e o coñecemento.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2021/10/hora-de-ler.html>

*Hora de ler.

Dende o mes de outubro ata xuño levouse a cabo no centro a hora de ler, en horario de 12:15 - 12:35 despois do recreo.Ao longo do curso enriqueceuse con :lectura individual e silenciosa, lectura compartida, recitais de poesía, contos creados polo propio alumnado, lecturas dos vo-

luntarios de biblioteca, lecturas recomendadas nas distintas conmemoracións polo equipo de biblioteca en colaboración cos distintos equipos ,dinamización da lingua galega e departamento de orientacion: samaín, paz, entroido, Rosalía, día da muller.

<https://bibliotecaceipetelos.blogspot.com/2022/04/mes-dos-libros-lecturas-dos-voluntarios.html>

*MOCHILAS VIAXEIRAS en primaria e BOLSAS VIAXEIRAS en infantil.

No mes de outubro comezou o empréstimo en Educación Infantil coas bolsas viaxeiras ás familias. Tamén iniciamos o empréstimo das mochilas viaxeiras en primaria. Continuando esta actividade que comezamos o curso anterior .Os tiores foron os encargados de realizar o préstamo cada semana nas aulas. Estas actividades tiveron boa acollida entre as familias e o alumnado. As mochilas viaxeiras son un vínculo entre o alumnado , as familias e a biblioteca e proporciona a oportunidade de facer lecturas compartidas e conversas sobre os libros. Os voluntarios da biblioteca foron os encargados de entregalas e explicar o alumnado o seu funcionamento con todas as medidas de seguridade. No seu interior inclúese unha nota informativa para as familias e faise a entrega doutra aos mestres tiores/as, un caderno viaxeiro para facer anotacións , debuxos ou recomendacións. O contido tanto das mochilas coma das bolsas é variado: contos, libros de cociña, música, inglés, revista ...Ao rematar o curso faremos unha exposición dos traballos realizados polo alumnado .

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1453835449538162697>

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1460196950989541379>

*Mes da ciencia en galego.

Celebramos o mes da ciencia dende a nosa biblioteca, demostrando unha vez máis que as bibliotecas non son só un lugar para albergar libros, se non un espazo estupendo para compartir, traballar, aprender e experimentar. Así que, dende a biblioteca, Petela propuxo ás aulas unha actividade baseada na realización de experimentos coas temáticas que estivesen a traballar nas aulas .O equipo de biblioteca preparou unha exposición para traballar a temática e preparou unha entrada no blog da biblioteca con recursos para as aulas. Cada grupo traballou na súa aula buscando os materiais, formulando hipóteses, debatendo sobre cales serían os resultados e, por suposto, experimentando. Cada titoría realizou e gravou o seu experimento. Así compartimos os nosos coñecementos a través de experimentos. Para visualizar os experimentos das aulas o equipo de biblioteca realizou un padlet con todos os traballos realizados:

<https://padlet.com/bibliopetelos/uf603jpstzcx30z4>

*Maletas Viaxeiras.

Ao longo do curso contamos co préstamo de varias maletas da Asesoría de Bibliotecas Escolares que foron :por unha biblioteca inclusiva ,Camiño de Santiago e Poesía e unha do CFR de

Vigo :maleta de poesía para traballar as distintas propostas ou proxectos das aulas.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1505964666140467203>

*Samain :<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1455472681999118336>

*Voluntariado de Lectura-A.

Este curso continuamos participando na iniciativa de BE ,Voluntariado de Lectura-A,nas modalidades 1 e 2 .Este curso estamos moi ilusionados pois fomos un dos 10 centros seleccionados dentro do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias na iniciativa "Voluntariado de Lectura-A" e o alumnado asistiu a un obradoiro especializado, no noso caso foi un obradoiro de booktrailers. As actividades realizadas polo equipo de voluntarios colgáronse tanto no blog da biblioteca como no twiter da mesma.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/05/premio-ao-voluntariado-de-lectura.html>

*25 de novembro-Día internacional da non violencia:

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2021/11/25-n-dia-internacional-contra-violencia.html>

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1466526483942281216>

*3 de decembro, Día internacional das persoas con discapacidade :

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2021/12/3-de-dicembro-dia-internacional-das.html>

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1467215776612589570>

*Nadal.

O Equipo de Biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega elaborou unha guía de lecturas coas recomendacións de nadal elexidas polos distintos niveis onde se inclúe o libro do itinerario lector de cada aula.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2021/12/guia-de-lecturas-de-nadal-2021.html>

No vestíbulo do cole decoramos a "Árbore dos desexos "con corazóns utilizando material de reciclaxe en colaboración coas familias,así mesmo o alumnado escribiu un desexo en formato carta ou mensaxe para os compañeiros que depositaron no buzón dos desexos.Na clase de música traballamos os cantos de aguinaldo, retomando unha das tradicións que máis nos gustan:ir pedir o aguinaldo polas clases. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepeleros/?q=node/482>

O equipo de biblioteca a partir do expurgo de fondos decidiu realizar un mercado solidario e colaborar co Proxecto "Mos Axuda"da Concellería de Política Social do Concello de Mos.Os voluntarios da biblioteca foron os encargados de levar a cabo a súa preparación: forrar a mesa, facer as letras, colocar os libros e estar a cargo do mercado onde o alumnado pode coller un libro a cambio de 1 kilo de alimentos e así darlle unha segunda vida aos libros.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2021/12/mercado-solidario-de-nadal.html>

*30 de Xaneiro, Día da Paz.

Exposición Temática "Día Daz Paz" no recuncho de lectura para gozar das lecturas,o alumnado de 1º, preparou e realizou un programa de radio especial sobre o Día da Paz, que, como sabedes, celébrase cada ano o 30 de xaneiro.Os voluntarios de biblioteca Martín e Pablo R., de 6º, estiveron no equipo técnico e dende a aula de música traballouse a canción "Onde reina a paz",composta expresamente para o cole por Chus Domínguez, e que tivemos a sorte de gravala coas voces de nenas e nenos da nosa escola .

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1488770098815021058>

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/01/actividades-dia-da-paz.html>

*13 de febreiro,Día Mundial da Radio.

Esta ano, para conmemorar o Día Mundial da Radio, nunha iniciativa promovida por Ponte...nas Ondas, tivemos a sorte de poder entrevistar en Radio Petela a Uxía Senlle e Paca-compoñonente do grupo Malvela, veciñas cantoras de Sanguñeda de De O Porriño.Foi unha entrevista sobre o patrimonio inmaterial, na que o pasamos moi ben e aprendemos moitas cousas. O alumnado de 2º foi o encargado de facer a entrevista, coa colaboración de Nerea e Martín voluntarios da biblioteca de 6º de EP, que estiveron no equipo técnico.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/02/dia-mundial-da-radio.html>

*24 de febreiro, Día de Rosalía de Castro.

Actividades en torno a figura da autora con unidades didácticas, vídeos...

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/06/24-de-febreiro-dia-de-rosalia.html>

*8 de Marzo, Día da muller.

A biblioteca preparou unha exposición temática con motivo do Día da Muller no recuncho de lectura.As aulas visitaron o recuncho na hora de ler e traballaron a proposta de investigación.Cada aula elixiu unha muller para investigar e presentar o traballo aos compañeiros.Con todas as propostas fixemos unha exposición nos paneis da entrada do cole. Dende a Universidad de Vigo recibimos un material moi interesante para traballar nas aulas a proposta do día internacional das mulleres e as nenas na Ciencia.O alumnado de sexto realizou unha investigación sobre as mulleres músicas ou cantantes en Galicia,elaboraron o guión e fixeron un programa de radio conmemorando o 8 de marzo.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1505962601657868292>

*21 de Marzo, Día da poesía.

Para conmemorar o DÍA DA POESÍA os voluntarios da biblioteca de 6º curso foron os encargados de conducir, recitar e estar no control da radio para levar a cabo o especial adicado a Poesía e no que participou todo o cole. Cada aula traballou a poesía elixida para preparar o programa de radio. Unha vez ensaiadas, cada aula acudiu a Radio Petela para gravar a súa intervención coa axuda dos técnicos de radio Nerea e Martín, axudantes de biblioteca e da mestra Raquel.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/04/radiopetela-especial-dia-da-poesia.html>

*Abril, mes do libro e a lectura coma protagonistas.

Durante o mes de Abril a biblioteca propuxo distintas actividades tanto ao alumnado como as familias para participar nesta conmemoración: apadriñamentos lectores, contos dos voluntarios da BE, audicontos con códigos QR, concurso de fotografía, familias lectoras e encontros con distintos autores dos libros de lectura traballados nas aulas.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/04/abril-mes-dos-libros-actividades.html>

*2 de maio ,Día do autismo.

O Departamento de Orientación do centro propuxo as aulas realizar un visionado de curtametraxes na hora de ler con motivo do Día do autismo. Na hora de ler da semana do 4 ao 8 de abril realizamos o visionado das curtametraxes propostas co obxectivo de concienciar sobre a existencia do autismo a través dos vídeos para que o alumnado reflexione e fale deste tema. O equipo de biblioteca creou un genially coas curtas propostas.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/04/2-de-abril-dia-do-autismo.html>

*Festa dos maíos.

Cada aula creou as súas coplas nas titorías que ensaiaron xunto co baile coa mestra de música Raquel. O mércores 11 de maio saímos ao patio a cantar as nosas coplas arredor do maio acompañados pola mestra de música Raquel ao acordeón: aulas, familias e mestres. O alumnado do centro aportou os materiais e elaborou a parte asignada para confeccionar o maio: Infantil e 1º nivel realizaron as cadeas de flores, 2º nivel a cadea de ovos, 3º-4º nivel as cadeas de laranxas e limóns e 5º e 6º nivel a estrutura do maio realizado con fiuncho.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1525056261049524225>

*Letras Galegas:

Actividades en torno o autor homenaxeado nas letras galegas: Florencio Delgado Gurriarán e o podcast que o alumnado de 6º preparou sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano 2022, e co que participou no concurso de podcast de Radio na Biblio.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/05/actividades-realizadas-letras-galegas.html>

*Contacontos en Infantil.

O alumnado de infantil contou este curso con dous contacontos. As contacontos foron : Sabela Gago, dentro das actividades programadas no mes de abril ,contos na natureza onde Sabela contoulles a historia de Martín e o lapis máxico e Eva Tato no mes de xuño que lles contou o conto de Carmiña .

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1520686920635932673>

*Charla sobre almozos saudables.

O alumnado de 2º de EP recibiu na aula unha charla sobre alimentación saudable a cargo de Inés e Lorena , enfermeiras do Centro de Saúde de Mos, que dende a Concellería de Educación leva a cabo o Concello de Mos.O obxectivo é reducir ou eliminar todos aqueles factores que incrementan a probabilidade de que se produza un trastorno.

O alumnado estivo traballando durante o curso un proxecto de alimentación saudable coa profe Leticia, mestra de educación física, a través de diferentes libros da biblioteca: "La rebelión de las verduras", "cuentos cortos para comer de todo", "Sanotes, sanitos"...

- <https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/05/charla-sobre-almozos-saudables-en-2-ep.html>

*Proxecto :Descubri''MOS'' con Petela.

Coa nosa PDI pretendemos coñecer algo máis das parroquias que nutren de alumnado ao noso centro, e tamén daquelas outras que pertencen ao Concello.Trátase de achegar ao noso alumnado e á comunidade educativa, a realidade das nosas parroquias e ir descubrindo parroquias, edificacións, tradicións e costumes a través de pescudas, lectura, escoita, boletíns informativos e exposición de traballos. O concello de Mos consta de 10 parroquias.No curso 2020-21 traballáronse as parroquias de Petelos, Tameiga, Torroso coa idea de que o alumnado parta sempre do máis próximo na construción das aprendizaxes.Este curso 2021-22 traballamos as parroquias de :Mos, Dornelas, Sanguñeda,Louredo,Cela,Guizán e Pereiras.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/04/boletins-informativos-nosa-fala.html>

*Proxecto Vexo,veo Xacobeo /Rumbo a... Santiago.

O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria xunto con 6º de Educación Infantil traballou sobre o proxecto "Vexo, veo Xacobeo" participando cunha actuación con malabares e teatro no Pazo de Mos. Posteriormente fixeron camiñando un pequeno tramo do Camiño de Santiago.Así mesmo o alumnado de 1º e 2º tomando como punto de partida os libros de lectura "Bo camiño Valentiño" e Marosa e Mariña camiñan a Compostela" investigaron sobre o Camiño de Santiago.Como remate da investigación visitamos Santiago de Compostela.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1540284989828235264>

O alumnado de infantil co Bee bot e o alumnado de 2º de primaria co escornabot xogaron co taboleiro da Oca de Santiago creada pola mestra Paula de Infantil para o proxecto "Camiño de Santiago". <https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1540302012822306816>

*Proxectos en Educación infantil.

O alumnado de EI traballou por proxectos cun enfoque metodolóxico globalizado e integrador baseado no tratamento da información de xeito conxunto: os compañeiros e compañeras ,a escola e a familia. Seguiron diferentes fases cada unha igual de importante e necesaria, para a fase de indagación e investigación contaron coa importante axuda das familias, que en forma de libros e contos, proporcionaron información. Ademais tamén acudiron á biblioteca do centro para seguir completando a información e ampliando coñecementos. Os diferentes elementos do proxecto permitiron desenvolver unha indagación ou investigación axudando aos nenos e nenas a comprender e interpretar a realidade, ademais de contribuír a que participen no seu propio proceso de aprendizaxe e teña en conta as e os iguais como facilitadoras e facilitadores da aprendizaxe. Dende a biblioteca do centro preparáronse unhas caixas viaxeiras con material para investigar os proxectos levados a cabo polas aulas.Os proxectos traballados foron:o corpo humano, Camiño de Santiago, Arcimboldo e canguros. O alumnado de infantil pasouno en grande coa abelliña Lola traballando conceptos coma asociacións, vocabulario... ao mesmo tempo que progresaron na orientación viso-espacial e no uso da robótica.

<https://bibliotecaceppetelos.blogspot.com/2022/05/proxectos-nas-aulas-de-infantil.html>

*Teatro de títeres dos voluntariado de BE.

Os voluntarios de 6º despedíronse cun teatro de títeres :Os tres porquiños ao alumnado de Infantil, 1º e 2º de primaria.Noraboa rapaces e grazas polo voso fantástico traballo na biblioteca. <https://twitter.com/PetelaBiblio/status/153962484827148288>

*Entrega de diplomas ao voluntariado da BE.

O mércores 22 realizamos a entrega de diplomas e agasallos os voluntarios da biblioteca de 5º e 6º de primaria como recoñecemento o seu labor durante todo o curso ,implicación,colaboración ,responsabilidade ...un traballo fantástico e imprescindible dos colaboradores na BE. <https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1539644989302775809>

- **Actividades en relación coa biblioteca escolar**

*Radio Petela.

Este curso entramos a formar parte do proxecto "Radio na biblio".Durante este curso todas as

aulas participaron na radio escolar preparando o seu programa de radioPetela.Os técnicos de radio foron o alumnado de 5º e 6º, moitos deles voluntarios na biblioteca escolar e 4º de primaria.Estamos moi satisfeitos coa experiencia da radio escolar e da boa acollida que esta ten entre o alumnado, entre o profesorado e entre as familias.Os programas lévanse a cabo na hora de ler.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelatos/?q=taxonomy/term/58>

*Retos matemáticos

Os alumnado de 2º participou en dúas sesións de retos aprendendo matemáticas de forma divertida a través de materiais manipulativos para xeometría : xeoplano, elaboración de figuras 2D e 3D, tangram, pentominós e programación con tabletas.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1496537769816084486>

*Obradoiro de Radio.

O alumnado de 5º A e 5º B asistiu a un obradoiro de radio a cargo de Damián Alonso.Na primeira parte explicoulles como debían usar a súa voz, exercicios para mellora a dicción e a importancia de modular a voz para a dobraxe.Na segunda parte fixeron unha dobraxe dunha conversa (anuncios, debuxos animados...)en pequenos grupos.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1518666352088817669>

*Club de lectura.

Este curso participamos na convocatoria dos Clubs de lectura polo que puxemos en funcionamento o Club de lectura "Bibliopetela", participan un total de 18 alumnos de 5º e 6º de primaria, moitos deles voluntarios na BE

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1530837780175147008>

*Obradoiro de booktrailers.

Como agasallo por ser un dos 10 centros seleccionados dentro do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias na iniciativa "Voluntariado de Lectura-A" asistimos na biblioteca a este obradoiro impartido por Roi Guitián onde o alumnado creou en equipos uns booktrailes de libros lidos ao longo do curso.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1538092523540848640>

- **Participación en programas dende a Biblioteca escolar**

Durante este curso a biblioteca foi seleccionada dende a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para formar partes dos seguintes programas de: Biblioteca Creativa, Radio na

Biblio, Clubs de lectura e Voluntariado de lectura-A coas modalidades A:Colaboración coa biblioteca escolar e B:Ler con... D .

- **Actividades de formación do equipo de biblioteca**

O equipo de biblioteca ao completo participou no PFPP V2131125 Traballo por proxectos e biblioteca escolar do Ceip de Petelos.Así mesmo membros do equipo de biblioteca participaron en actividades formativas relativas á biblioteca durante este curso 2021-22.

<https://twitter.com/PetelaBiblio/status/1522616374425759747>

Todas as actividades levadas a cabo pola biblioteca están colgadas tanto no blog :O blog de Petela como no twitter da biblioteca para difusión a toda a comunidade educativa.

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/>

<https://twitter.com/PetelaBiblio>



17. RADIO ESCOLAR



- **RADIO PETELA**

Radio Petela, a radio do noso cole comezou a súa andaina hai dous cursos, polo que este foi o terceiro curso no que estivo en funcionamento. E este ano, foi o primeiro que estivemos dentro do programa **Radio na Biblio**, o que nos permitiu facer algunha mellora na nosa radio., así como ter un **obradoiro de dobraxe** dirixido ao alumnado de 5º, impartido por Damián, que resultou moi interesante e motivador para o alumnado.

Os programas seguíronse levando a cabo nas horas de lectura, avisando previamente do día. Este horario funciona moi ben, porque todo o noso alumnado e profesorado está escoitando atentamente dende as súas aulas.

Ao igual que o ano pasado, os cursos encargados da radio foron os de 4º e 6º, xa que son os que dispoñían dunha hora semanal no seu horario para adicarlle á radio (decidir o tema do programa, buscar información, preparar o guión, decidir quen vai ser o equipo técnico, distribuír o que le cada un, ensaiar e... por fin emitir en directo! Ah, e logo, facer reconto das papeletas, facer o sorteo entre os acertantes de cada clase, preparar o guión do programa especial de entrega de premios, ensaialo, facer unha conexión especial de radio para dicir o nome dos gañadores e gañadoras do concurso, e... a repartir os premios!!

O obxectivo este ano era que todas as clases pasasen pola radio escolar e emitisen polo menos un programa.

- A clase de 1º, preparou e realizou un programa moi bonito e necesario sobre a **paz**.
- A clase de 2º, para conmemorar o **Día Mundial da Radio**, unha iniciativa de Ponte...nas Ondas! atreveuse a facerlle unha entrevista a Uxía (cantante e veciña nosa, de Sanguiñeda), e a Paca, integrante do grupo Malvela, tamén de Sanguiñeda. A entrevista foi sobre o patrimonio inmaterial, que son todos aqueles saberes, contos, cantigas, refráns, adiviñas... que se transmiten de xeración en xeración. Aprendemos moitas cousas, pero sobre todo, a valorar a nosa lingua e o noso patrimonio. Tamén aprendemos que temos que pasar máis tempo cos nosos avós e avoas, porque teñen moitas cousas que ensinarnos. Esta foi a primeira vez que trouxemos a alguén de fóra á nosa radio, e foi unha experiencia moi gratificante e satisfactoria.

- A clase de 3º curso, animouse a preparar un programa para conmemorar o Día da actividade física, coa colaboración da mestra de Ed. Física, e da súa titora. Resultou ser unha experiencia moi gratificante.
- En 5ºA animáronse a facer un programa sobre Os castros, no que aproveitaron para contarnos todo o que aprenderon na saída que fixeron ao Castro de Pereiras. Contáronnos cousas moi interesantes!

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelos/?q=node/536>

E o resto dos cursos, aínda que doutro xeito, tamén pasaron pola radio, xa que para conmemorar o Día da Poesía, o alumnado voluntario de biblioteca preparou un programa especial sobre a poesía, levando o fío condutor, e recitando algúns poemas en directo, pero foi un programa no que todas as clases do colexio, dende Infantil de 3 anos ata 6º fixeron a súa aportación.

De todas formas, como proposta de mellora para o vindeiro curso, é que **TODOS OS CURSOS** preparen e realicen polo menos, un programa de radio propio.

A posta en marcha de Radio Petela estivo intimamente ligada á nosa biblioteca polos seguintes motivos:

1. Radio Petela leva o nome da mascota da nosa biblioteca.

2. Para a elaboración dos guións dos programas o alumnado formouse na **busca de información**, que tivo lugar na aula de informática, que era o lugar onde se elaboraban os guións.

Para iso dividiamos ao alumnado en equipos de 3-4 persoas, e cada equipo encargábase de buscar información e redactar un dos apartados nos ordenadores da aula de informática. Este curso, debido a que tivemos a nosa biblioteca en reformas, non puidemos dispoñer dela como recurso para buscar información, pero de cara ao vindeiro ano contamos con que xa estará dispoñible.

3. **O concurso da radio.** En todos os programas de radio había un apartado que era este concurso. Todas as preguntas estaban relacionadas coa temática de cada programa. Con

este concurso traballamos a busca de información por dúas bandas: por un lado o alumnado que elaboraba as preguntas, e por outro lado, o alumnado que participaba no concurso, que tiña que buscar información para poder atopar as respostas. Había dous concursos en cada programa de radio: un para infantil e outro para primaria. Deixo aquí dous exemplos das papeletas que lles entregabamos ao alumnado para participar , a primeira para Infantil, e a segunda para Primaria.

CONCURSO A PAZ

NOME:

CURSO:

POLOS DEREITOS DE QUE PAÍS LOITOU O LÍDER ESPIRITUAL GANDHI?



XAPÓN



VIETNAM



INDIA

RODEA A RESPONSTA CORRECTA

VALORA DO 1 AO 10 A CANCIÓN DE HOXE: "TODOS SOMOS CAPITÁNS", DE MAGÍN

BLANCO

4. Ademais, en todos os programas había un apartado que era **“Recomendación musical”**, no que se recomendaba unha canción en galego, fomentando deste xeito a nosa lingua, e dando a coñecer as novidades musicais en galego, no que, unha vez escollida a canción, o grupo encargado deste apartado, tiña que buscar información sobre o grupo musical que a interpretaba e redactar un texto sobre o mesmo. Logo os oíntes, tiñan que valorar do 1 ao 10 canto lles gustou esa canción, anotalo na papeleta do concurso, e deste xeito, iamos elaborando a nosa propia listada de favoritos musicais.

O ranking musical deste ano quedou así:

- En 7º lugar: “BICI, BICI, BICICLETA” Paco Nogueiras (674 puntos)
- En 6º lugar: “TODOS SOMOS CAPITÁNS” Magín blanco (688 puntos)
- En 5º lugar: “MOVENDO A PERNA” Paco Nogueiras (745 puntos)
- En 4º lugar: “O FURAFOLLAS” Paco Pakolas (748 puntos)
- En 3º lugar: “O OUTONO” Uxía lambona e a banda molona (817 puntos)
- En 2º lugar “UN TORRENTE DE TEMPO” Chen Xiang (810 puntos)
- En 1º lugar: “TERRA” Tanxugueiras (860 puntos)

5. **O recuncho literario:** nalgúns programas, tamén incluimos este apartado, no que recomendabamos distintos libros da nosa biblio, para dar a coñecer e visibilizar os libros que temos no cole e que pronto estarán a disposición de quen os queira coller para ler no cole ou levar para casa.

En Radio Petela realizamos catro tipos de programas:

1. Os programas elaborados polos equipos fixos de Radio Petela, que eran 4º e 6º de primaria:

[Programa sobre China: 4º de primaria](#)

2. **Os programas de entrega de premios,** que eran uns programas especiais onde se daba a coñecer o nome do gañador ou gañadora do concurso de cada clase, e tamén se daba a coñecer a puntuación acadada pola canción recomendada no programa correspondente:

[Entrega premios concurso Os castros](#)

Ademais de colgar o programa especial da entrega de premios na web do cole, tamén colgabamos unha pequena montaxe coas fotos do momento de realización do programa, e dos gañadores e gañadoras do concurso musical.

[Fotos entrega concurso Actividade Física](#)

3. Os programas realizados polas demais clases cos seus titores e titoras:

A idea era, independentemente de que houbera dous cursos encargados da radio escolar, abrir a radio a toda a escola para que todas as clases fixesen o seu programa. (Xa detallamos anteriormente os grupos que realizaron o seu programa de radio)

A idea é, para o vindeiro curso, conseguir que cadanseu grupo realice o seu programa de radio.

4. Programas de colaboración con outras entidades.

- Este ano, ademais de facer os programas para o cole, participamos por segunda vez no “**Concurso de podcast Radio na Biblio**”, elaborando un podcast sobre Florencio Delgado Gurriarán.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelagos/?q=node/513>

- Ademais, para conmemorar o **Día Mundial da Radio**, participamos unha iniciativa de **Ponte...nas Ondas**, sobre o patrimonio inmaterial, na que lle fixemos unha entrevista a

Paca e Uxía, dúas veciñas adicadas á música, e que nos falaron sobre todo ese saber popular transmitido de xeración en xeración a través da nosa música.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepetelos/?q=node/492>

A valoración do funcionamento da nosa radio escolar foi moi positiva, pois resultou unha actividade moi motivante para o alumnado, para o profesorado, así como para as familias.

Para o alumnado: ademais de ser unha actividade moi atractiva, contribuímos a mellorar as seguintes competencias clave presentes no currículo:

– **1º. Comunicación lingüística (CCL):** traballan a expresión escrita na elaboración dos guións, e a expresión oral en galego ao realizar os programas de radio. Tamén traballan algo moi importante e moitas veces esquecido, como é a escoita activa, ao escoitar os programas e ter que estar moi atentas e atentos, sobre todo para os concursos.

– **2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** unha vez recopilamos as papeletas dos concursos, o propio alumnado se encarga de sumar os puntos acadados pola canción correspondente na recomendación musical, e de elaborar o listado de preferencias musicais.

– **3º. Competencia dixital (CD):** na elaboración dos guións, tanto na busca de información como na redacción do guión, na que utilizan un procesador de texto. Ademais, en cada programa, hai dous nen@s que forman o equipo técnico, encargado de manexar os aparellos que permiten que o que estamos falando dentro da radio se escoite en toda a escola.

– **4º. Aprender a aprender (CAA):** na elaboración dos guións, proceso no que a profesora correspondente simplemente supervisa e orienta, deixando liberdade ao alumnado para elaborar o guión.

– **5º. Competencias sociais e cívicas (CSC):** ao traballar en equipos na elaboración do guión e na realización do programa.

– **7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC):** coa recomendación musical presente en cada programa, estamos traballando esta competencia.

Para o profesorado: coa radio escolar, ábrense novas e diferentes formas de traballar o currículo, abrindo un abano moi amplo de posibilidades.

Para as familias: este ano abrimos a nosa radio ás familias e ao noso entorno máis próximo, mediante unha entrevista a dúas veciñas de Mos. A ide é seguir nesta liña nos vindeiros cursos.

Ademais, todos os programas son gravados e colgados na páxina web da escola, dende onde as familias poden acceder e escoitalos.

Propostas de mellora.

Para o vindeiro curso, a idea é ter un equipo técnico de radio fixo, formado por voluntari@s de 5º e 6º, que recibirían unha formación a principio de curso, para que sexan eles e elas @s que, durante o curso se encarguen de manexar os aparellos da radio, axilizando así moito máis o funcionamento da radio escolar.

Este ano, ao estar dentro do programa **Radio na Biblio**, permitiunos facer algunhas melloras, como cambiar a disposición da radio dentro da estancia onde se atopa, mercar dúas mesas, catro cadeiras, un vinilo para a parede, un revisteiro de parede para gardar os guións e unhas esponxas de cores para os micros. Aínda así, como proposta de mellora para o vindeiro ano, temos a de facer limpeza dentro da estancia onde se atopa a radio, xa que tamén é utilizada como almacén, e separar mediante unhas cortinas a zona de radio e de almacén, para facer da radio un lugar máis acolledor, así como seguir acondicionando a estancia da radio.

Ademais, a idea é seguir na liña que se iniciou este curso, de seguir abrindo a radio á nosa contorna, facendo partícipe dela a persoas veciñas, familiares, ou calquera que nos poida aportar algo, ben mediante entrevistas, contacontos, falar sobre algún tema en concreto...

18. ANPA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS C.E.I.P. DE PETELOS
ESTIVADA – PETELOS. 36416 – MOS
NIF: G-36174753

CURSO 2021-2022

A DIRECTIVA DA ANPA DO CEIP DE PETELOS COMPONSE DE 9 MEMBROS REPARTIDOS DA SEGUINTE FORMA:

PRESIDENTE, VICEPRESIDENTA, SECRETARIA, TESOUREIRA E 5 VOGAIS.

De todos é coñecida a importancia da existencia dunha Anpa no Centro, xa que o fin desta Asociación é establecer canles para a participación dos pais na función educativa dos alumnos do Centro, para acadar a mellora do Colexio, tanto nas tarefas de ensinanza (difusión cultural, actividades extraescolares, etc...) como proxectos que se consideran necesarios para o benestar dos nenos/nenas.

NESTE CURSO 2021-2022 A ANPA DEDICOUSE A XESTIONAR UNHA SERIE DE SERVIZOS QUE NOMEAMOS A CONTINUACIÓN:

COMEDOR ESCOLAR :

Este curso que rematou, como os anos anteriores, o Catering que leva o noso comedor é GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS. O custo do menú é de 4,40 € por neno e día. O servizo do comedor, foi xestionado conxuntamente coa dirección do Centro, comezando o pri-

meiro día de clase e rematando o 22 de xuño, coincidindo co remate do curso, en horario de 14:15 h a 16:00 h.

Ocupámonos da compra de materiais que se necesitaron para o servizo de comedor, neste ano de pandemia, como hidroxel, desinfectante de mesas..., supervisar e ter contacto continuo coa empresa de Catering, para conseguir que o servizo sexa o correcto.

Solicitouse a subvencións da Xunta para o servizo do comedor escolar.

Tamén destacar que existe unha axuda de 2,20 euros é dicir, a metade do custe do menú, por parte do Concello para as familias que cumpran unha serie de requisitos que o Concello pon nas súas bases, baseada na renda das familias solicitantes.

AULA MADRUGA:

O servizo “ AULA MADRUGA “ iniciouse o inicio do curso.

Neste curso o servizo foi xestionado pola ANPA coa axuda do concello, que subvencionou parte do importe deste servizo, posto que o numero de usuarios non cubre o importe total do servizo. O prezo é de 30€ mensuais, 15€ medio mes (para os nenos fixos) e de 3€ diarios para os eventuais.

O horario é de 7:45 da mañá ata as 9:15, hora de entrada dos nenos, levouse a cabo no comedor do centro.

Este servizo ten pouca demanda en canto o numero de familias, pero o consideramos imprescindible para favorecer a conciliación familiar. A pesar de que non sexan moitas familias as que precisen recurrir o servizo de maneira habitual, é imprescindible que este servizo esté en funcionamento para favorecer os cambios organizativos que se poidan dar no ambito familiar en calquer momento o longo do curso.

O servizo foi dado por persoal da garderia Trasnós, encargándose da atención e da realización de actividades. Tódalas actividades realizadas na aula madruga destináronse a favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado, mediante actividades culturais e educativas .

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Este curso en consenso co centro, decidese retomar as actividades extraescolares, cumprindo os protocolos establecidos post-pandemia.

As actividades que saíron este ano son:

- I. Cociña, baile moderno, informática e diverciencia impartidas por persoal de Sport Temp
- II. Pintura dirixida por un profesional autónomo
- III. Fútbol, multideporte, balonmano (pavillón Patricia Martínez) e piscina (piscina municipal) actividades gratuítas ofertadas polo concello
- IV. Defensa persoal impartida por un profesional autónomo.

Todas as actividades deron comezo no mes de outubro e finalizan a finalizan a finais do curso, a excepción das actividades ofertadas polo concello que finalizan no mes de maio.

Estas actividades son xestionadas pola ANPA e realízanse, a excepción de natación e balonmano, no centro escolar en horario non lectivo a partir das 16 h, horario no que remata o servizo comedor, co fin de seguir favorecendo a conciliación familiar.

OUTRAS ACTIVIDADES

Ademais, colaboramos co Centro en:

- Participamos nas reunións do Consello escolar
- Xestionamos Seguro escolar
- Reunións da AGRUPACIÓN DE ANPAS DE MOS.
- Mantemos reunións co Concello para coordinar as colaboracións que temos e comunicar aquelas necesidades detectadas que xurden ó longo do curso.
- No entroido regalamos orellas ós nenos e ós mestres.
- Para a festa do Magosto compramos as castañas.
- Xestionamos o chándal do cole.
- Ós nenos socios da Anpa faíselle un regalo no remate do curso.
- Organízase a festa de fin de curso
- Xestiónase a excursión fin de curso dos nenos de 6º de primaria
- Subvenciónanse as excursións escolares ós socios.
- Faíselles entrega dun carné de socio con descontos en distintos comercios asociados.